

ASUNTO PLE/2021/00052268R

ACTA NÚM. 18 - SESIÓN ORDINARIA 25 DE NOVIEMBRE DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **25 de novembro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro (presente no salón de sesións)
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez (conexión telemática)
Don Gonzalo Muíños Sánchez (conexión telemática)
Dona Marta Abal Rodríguez (conexión telemática)
Don José Manuel Pichel Patiño (conexión telemática)
Don José Javier Fernández Martínez (conexión telemática)
Dona María Esther Pedrosa Carrete (conexión telemática)
Don Rubén Pol Mariño (conexión telemática)

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias (conexión telemática)
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez (conexión telemática)
Don José Antonio Constenla Ramos (conexión telemática)
Don Evaristo Ben Otero (conexión telemática)
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (presente no salón de sesións)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente (conexión telemática)
Dona María Castelao Torres (presente no salón de sesións)

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey (conexión telemática)
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez (presente no salón de sesións)
Dona María Rozas Pérez (presente no salón de sesións)
Don Xan Xesús Duro Fernández (conexión telemática)

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro (presente no salón de sesións).

Don Juan Ramón González Carnero, interventor do concello.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de outubro do corrente ano.**
- 2. Declaración institucional do concello na loita contra a fraude e a corrupción.**
- 3. Inicio do procedemento de creación da Sociedade Mercantil Pública Urbanística e nomeamento da Comisión de Expertos.**
- 4. Expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co número 2021-SUPLE-06 por importe 422.587,52 euros, para completar a achega municipal ao proxecto SMARTIAGO, financiado con baixas por anulación.**
- 5. Modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección de tributos e doutros ingresos de dereito público.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a máxima axilización da contratación da xestión do servizo de recollida de residuos urbanos.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal de CA sobre a habilitación dunha taxa turística en Santiago para a gobernanza do turismo.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a colocación de paneis de enerxía fotovoltaica nas instalacións municipais.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para conmemorar en 2022 o bicentenario de Antolín Faraldo.**
- 10. Proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre a tramitación de licenzas e comunicacións previas en materia de urbanismo.**
- 11. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a protección do pequeno comercio na cidade vella.**
- 12. Dar conta da execución do estado de gastos e ingresos do orzamento xeral, correspondentes ao terceiro trimestre do 2021, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.**
- 13. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellaría delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
- 14. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Interpelacións:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a Comisión de Memoria Histórica.**
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre convocatoria de axudas para a cooperación ao desenvolvemento.**

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal de CA para instalar elementos de seguridade viaria na rúa Porto de Conxo.**

- 2.- Presentado polo grupo municipal de CA para instalar elementos deportivos no campo multiusos do Castiñeiriño.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do BNG para convocar os consellos municipais de participación cidadá.
- 4.- Presentado polo grupo municipal do BNG para convocar a comisión de condecoracións.
- 5.- Presentado polo grupo municipal do BNG para instalación dun espello na rúa Teo co obxectivo de incrementar a seguranza viaria.
- 6.- Presentado polo grupo municipal de CA para que o goberno municipal retire os pregos e a licitación da xestión da rede de centros socioculturais.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do PP para a elaboración dun operativo para a mellora de mobilidade nas áreas comerciais da Sionlla e Costa Vella.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do PP para a limitación da circulación motorizada na explanada do novo campo da festa do Castiñeiriño.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a execución de diversos proxectos aprobados no marco do proceso dos orzamentos participativos.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre plan de reactivación económica para os barrios de San Pedro e Concheiros.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre as demandas da veciñanza da Almáciga e da comunidade educativa do CEIP Apóstolo Santiago.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre frear a instalación da gasoleira de Brandia.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre os motivos de manter suspendido o circuito de carreiras "Corresán".
- 6.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a sostibilidade de determinadas contratacións en materia de turismo.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a situación da tramitación do novo contrato de abastecemento e saneamento municipal.
- 8.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación dos traballadores da liña de autobuses ao aeroporto.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre locais que ten en alugueiro o concello.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a instalación da gasoleira en Brandia.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o uso do galego nas empresas concesionarias de servizos públicos.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o V Plan de Igualdade 2021-2024.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada por CA para impulsar unhas novas instalacións para o corpo de bombeiros antes de avanzar na construción do novo edificio administrativo en San Caetano.
- 2.- Presentada polo PP para o remate das obras pendentes no Barrio de Vista Alegre.
- 3.- Presentada polo BNG para demandarlle á empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos domésticos e limpeza viaria que o dote dos recursos humanos e materiais que figuran no contrato.
- 4.- Presentada polo BNG para dotar dun espazo alternativo de aparcamento para a veciñanza de Ultreia e do barrio da Avda. de Salamanca.

5.- Presentada por CA para que o concello atenda as demandas do persoal traballador do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza.

6.- Presentada polo PP sobre as condicións de cesións de locais a entidades sen ánimo de lucro.

Antes de dar comezo a sesión gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Intervén na sesión plenaria Dona Irene López, en relación coa moción do BNG, aparcamento Ulteira Avda. Salamanca.

Antes de tratar o punto 1, a Corporación acorda por unanimidade declarar a urxencia e incorporar á orde do día a Declaración institucional sobre a hepatitis C, que será tratada a continuación da declaración na loita contra a fraude e a corrupción.

2B. Declaración institucional de todos os grupos políticos municipais para a adhesión á Rede de cidades españolas comprometidas coa eliminación da hepatitis C.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE OUTUBRO DO CORRENTE ANO.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente a sesión ordinaria do día 28 de outubro do corrente ano, núm. 16/21.

2A. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO NA LOITA CONTRA A FRAUDE E A CORRUPCIÓN.

O texto da declaración presentada ten o seguinte contido:

“Un dos piares fundamentais que deben guiar a actuación da Administración para a mellor satisfacción do interese xeral ten que ser o da integridade institucional, definido de maneira sinxela como a observancia dos valores e principios da boa administración.

O mantemento e reforzo da integridade institucional e a súa proxección aos cidadáns, institucións e entidades coas que se relaciona deben ser, pois, obxectivos irrenunciáveis de calquera Administración Pública para o cumprimento dos fins que a Constitución e a lei lle encomendan.

A integridade institucional é unha esixencia ética que reborda a mera suxeición ás normas e, pola contra, demanda unha actitude proactiva na busca do cumprimento daqueles principios da boa administración. Un dos aspectos fundamentais que configuran a integridade dunha institución pública é o rexeitamento público, expreso e rotundo da fraude e da corrupción e o compromiso, igualmente claro, inequívoco e público para a súa persecución.

Pouco a pouco, pero de xeito imparable, alentadas e con apoio na normativa da Unión Europea (por exemplo na Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión) e nas recomendacións dos seus organismos (sinaladamente a Oficina Europea de Loita contra a Fraude - OLAF) as

manifestacións das Administracións expresando un compromiso de “tolerancia cero” coa fraude son cada vez máis frecuentes. En todo caso, o rexeitamento público da fraude e da corrupción devén ineludible cando a Administración xestiona fondos procedentes das Comunidades Europeas.

O Concello de Santiago de Compostela quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis elevados no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade se perciba por todos como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros da Corporación Municipal asumen e comparten este compromiso.

Por outra banda, os empregados públicos municipais teñen entre os seus deberes o de *“velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental, e respecto á igualdade entre homes e mulleres”* (artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

O obxectivo desta política é o de impulsar e favorecer unha cultura interna que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.

No marco desa política, o Concello de Santiago de Compostela disporá os procedementos e canles necesarias para que, con respecto pleno á confidencialidade e á protección de datos de carácter persoal, calquera persoa ou entidade poida denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que poida detectar.

En definitiva, o Concello de Santiago de Compostela declara unha política de “tolerancia cero” fronte á fraude e a corrupción e establecerá os sistemas de control axeitados para previr e detectar, dentro do posible, calquera actuación fraudulenta e corrixir o seu impacto, no caso de producirse.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte o seguinte acordo:

Aprobar a presente declaración institucional expresando o compromiso do Concello de Santiago de Compostela na loita contra a fraude e a corrupción.”

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a declaración institucional expresando o compromiso do Concello de Santiago de Compostela na loita contra a fraude e a corrupción.

2B. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA A ADHESIÓN Á REDE DE CIDADES ESPAÑOLAS COMPROMETIDAS COA ELIMINACIÓN DA HEPATITE C.

O texto da declaración presentada ten o seguinte contido:

“España ten a oportunidade de facer historia e converterse no primeiro país entre os desenvolvidos en acabar cun problema de saúde pública como a Hepatite C. Dende abril de 2015, cando se puxo en marcha o Plan estratéxico nacional para a abordaxe da hepatite C (PEAHC) no Sistema nacional de saúde (SNS) e ata xuño de 2019, curáronse cos novos medicamentos máis de 130.000 pacientes, o que representa case a totalidade dos tratados e nos sitúa, sen dúbida, á cabeza dos países do noso entorno en esforzo terapéutico.

Non obstante, pese a estes excelentes resultados, se estima que no ámbito da poboación xeral que pasa por Atención Primaria aínda habería unhas 35.000 persoas virémicas. De igual xeito, a taxa de diagnóstico da enfermidade non é aínda satisfactoria: polo menos 22.500 persoas poderían estar infectadas polo virus da hepatite C e non sabelo. E a todos eles habería que sumar as persoas diagnosticadas que, por un motivo ou outro seguen sen ser tratadas.

Faise, polo tanto, necesario desenvolver novas estratexias para consolidar e mellorar os resultados xa acadados e avanzar rapidamente cara ao reto marcado pola OMS para os países avanzados de acadar a eliminación, un desafío que España podería acadar en 2023. Neste esforzo a contribución das cidades é fundamental. Cunha alta densidade de poboación, as cidades representan a maior proporción de persoas que viven co virus da hepatite C. O risco e a vulnerabilidade á infección e reinfeccións son, así mesmo, maiores na contorna urbana e os novos casos concéntranse nos seus barrios, áreas metropolitanas e colectivos máis desfavorecidos.

Por iso, e porque todas as persoas con hepatite C teñen no noso país dereito a un tratamento que cure a enfermidade, as cidades españolas estamos nunha posición privilexiada para liderar accións que permitan acelerar a eliminación da infección, favorecendo o cumprimento das recomendacións marcadas pola Alianza para a Eliminación das hepatites víricas en España (AEHVE) e a Asociación española para o estudo do fígado (AEEH).

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. A adhesión sen custo económico do Concello de Santiago de Compostela á Rede da Cidades Españolas comprometidas con acelerar a eliminación da hepatite C en España.

2. Constituír un grupo de traballo técnico para a consecución dos obxectivos relacionados con acelerar a eliminación da hepatite C en Santiago de Compostela, conformado, inicialmente, por técnicos do Servizo municipal de Saúde, a Alianza para a eliminación das hepatites víricas en España (AEHVE) e o Movemento asociativo máis representativo da cidade que garde relación con estes obxectivos.

3. Comprometerse a:

a. Colaborar no desenvolvemento de campañas de concienciación para favorecer o cribado da infección polo virus da hepatite C na poboación de entre 40 e 65 anos de idade, na que se concentran a maioría dos caso non diagnosticados. Trátase de promover, difundir e estimular campañas propias e/o de entidades colaboradoras para que todos os adultos neste tramos de idade se fagan a proba da hepatite C alo menos unha vez na vida.

b. Colaborar, así mesmo, no desenvolvemento da campaña de prevención que incidan nas prácticas de risco, incrementando o coñecemento xeral sobre a hepatitis C na poboación xeral, a través de talleres, medios e soportes de comunicación propios (perfis de redes sociais, soportes exteriores de titularidade municipal, ...) a fin de levar á poboación a mensaxe de que é e como se transmite a hepatitis C, e sobre todo, como o seu tratamento a converte hoxe nunha enfermidade curable, contribuíndo ademais a eliminar o estigma da enfermidade.

c. Contribuír ao obxectivo de acadar a simplificación da diagnose e tratamento, así como a súa descentralización, cruciais para a atención e curación dos colectivos máis vulnerables / poboacións de risco, favorecendo o mesmo nos centros comunitarios, servizos sociais – apoio inmigrantes, persoas sen fogar, comedores sociais, centros cívicos en barrios marxinais, etc. que dependan da Corporación municipal ou cos que esta manteña colaboración.

d. Promover políticas específicas de prevención nos colectivos máis expostos e vulnerables, colaborando coas entidades comunitarias que coñecen mellor a idiosincrasia destas poboacións e estimulando a realización de talleres e charlas informais, así como a producir material informativo como carteis, folletos, etc, que poidan apoiar esta labor de divulgación, sensibilización e prevención.

e. Implicarse activamente no obxectivo da eliminación da hepatitis C aos axentes comunitarios que traballan cos colectivos máis vulnerables, favorecendo a interlocución e promovendo os espazos de encontro co sistema sanitario para acercar a diagnose aos grupos poboacionais de maior risco, normalmente máis afastados dos circuitos asistenciais habituais.

f. Colaborar co cumprimento das condicións hixiénico – sanitarias dos establecementos e instalacións de tatuaxes, micropigmentación ou perforación cutánea piercing, colaborando en actuacións de información relacionadas coa hepatitis C dirixidas tanto aos titulares destes centros coma aos usuarios e colaborando coa administración sanitaria competente no seguimento dos requisitos marcados pola lei.

g. Colaborar no seguimento e medición dos indicadores de eliminación, que permitan coñecer os resultados dos programas levados a cabo e o avance da cidade no obxectivo final de acabar con este problema de saúde pública.

h. Compartir información e experiencias co resto de cidades que se adhíren aos compromisos, traballando como unha rede de cidades implicadas nun obxectivo común.”

O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. A adhesión sen custo económico do Concello de Santiago de Compostela á Rede da Cidades Españolas comprometidas con acelerar a eliminación da hepatitis C en España.

2. Constituír un grupo de traballo técnico para a consecución dos obxectivos relacionados con acelerar a eliminación da hepatitis C en Santiago de Compostela, conformado, inicialmente, por técnicos do Servizo municipal de Saúde, a Alianza para a eliminación das hepatitis víricas en España (AEHVE) e o Movemento asociativo máis representativo da cidade que garde relación con estes obxectivos.

3. Comprometerse a:

a. Colaborar no desenvolvemento de campañas de concienciación para favorecer o cribado da infección polo virus da hepatite C na poboación de entre 40 e 65 anos de idade, na que se concentran a maioría dos casos non diagnosticados. Trátase de promover, difundir e estimular campañas propias e/o de entidades colaboradoras para que todos os adultos neste tramo de idade se fagan a proba da hepatite C alo menos unha vez na vida.

b. Colaborar, así mesmo, no desenvolvemento da campaña de prevención que incidan nas prácticas de risco, incrementando o coñecemento xeral sobre a hepatite C na poboación xeral, a través de talleres, medios e soportes de comunicación propios (perfis de redes sociais, soportes exteriores de titularidade municipal, ...) a fin de levar á poboación a mensaxe de que é e como se transmite a hepatite C, e sobre todo, como o seu tratamento a converte hoxe nunha enfermidade curable, contribuíndo ademais a eliminar o estigma da enfermidade.

c. Contribuír ao obxectivo de acadar a simplificación da diagnose e tratamento, así como a súa descentralización, cruciais para a atención e curación dos colectivos máis vulnerables / poboacións de risco, favorecendo o mesmo nos centros comunitarios, servizos sociais – apoio inmigrantes, persoas sen fogar, comedores sociais, centros cívicos en barrios marxinais, etc. que dependan da Corporación municipal ou cos que esta manteña colaboración.

d. Promover políticas específicas de prevención nos colectivos máis expostos e vulnerables, colaborando coas entidades comunitarias que coñecen mellor a idiosincrasia destas poboacións e estimulando a realización de talleres e charlas informais, así como a producir material informativo como carteis, folletos, etc, que poidan apoiar esta labor de divulgación, sensibilización e prevención.

e. Implicarse activamente no obxectivo da eliminación da hepatite C aos axentes comunitarios que traballan cos colectivos máis vulnerables, favorecendo a interlocución e promovendo os espazos de encontro co sistema sanitario para acercar a diagnose aos grupos poboacionais de maior risco, normalmente máis afastados dos circuítos asistenciais habituais.

f. Colaborar co cumprimento das condicións hixiénico – sanitarias dos establecementos e instalacións de tatuaxes, micropigmentación ou perforación cutánea piercing, colaborando en actuacións de información relacionadas coa hepatite C dirixidas tanto aos titulares destes centros coma aos usuarios e colaborando coa administración sanitaria competente no seguimento dos requisitos marcados pola lei.

g. Colaborar no seguimento e medición dos indicadores de eliminación, que permitan coñecer os resultados dos programas levados a cabo e o avance da cidade no obxectivo final de acabar con este problema de saúde pública.

h. Compartir información e experiencias co resto de cidades que se adhíren aos compromisos, traballando como unha rede de cidades implicadas nun obxectivo común.

3. INICIO DO PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DA SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA URBANÍSTICA E NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE PERSOAS EXPERTAS.

O 17 de novembro de 2021, a Directora de área de urbanismo e infraestruturas emitiu o seguinte informe-proposta, que ven coa conformidade da concelleira delegada da área:

“Elabórase o presente informe en contestación á Providencia remitida pola Alcaldía na data 16 de novembro na que ven solicitar dos departamentos implicados, a saber, Área de Urbanismo, Asesoría Xurídica e Vicesecretaría municipal que desenvolvan as actuacións necesarias para a creación dunha SOCIEDADE MERCANTIL cuxo capital pertenza na súa totalidade ao Concello de Santiago de Compostela, cuxo obxecto e finalidade sexa a actividade urbanística, especialmente a promoción, tenencia, xestión e administración de solo, vivenda e equipamentos urbanísticos, sen prexuízo da actuación en materia de xestión da rehabilitación e axudas públicas para esa finalidade; xa sexa por conta propia ou mediante delegación ou encargo desta administración constituída de acordo co procedemento administrativo establecido pola normativa e coas formalidades esixidas para o que poderán requirir os asesoramentos necesarios e realizar as contratacións precisas de conformidade coas formalidades e requisitos esixidos pola legalidade vixente.

NORMATIVA ANALIZADA

- 1.- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- 2.- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- 3.- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- 4.- Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais.
- 5.- Real Decreto 1169/1978, do 2 de maio, sobre creación da Sociedades Urbanísticas polo Estado, os Organismos autónomos e as Corporacións Locais.
- 6.- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- 7.- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 8.- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 9.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

OBXECTIVO DA CREACION DA SOCIEDAD MERCANTIL PÚBLICA.

Na indicada Providencia sinálase que resulta prioritario a creación dun instrumento áxil, sostible e eficaz que permita incrementar a oferta de vivenda e acomodalala ás necesidades da demanda para o que resulta axeitado a creación dunha sociedade mercantil pública que poida actuar na política de desenvolvemento de solo, creación de vivenda e rehabilitación e restauración do parque existente coa finalidade de fixar poboación e tender á consecución do dereito a unha vivenda digna.

FUNDAMENTACION DA NECESIDADE

I.- Realizada a correspondente tramitación administrativa, en escritura formalizada o 24 de marzo de 2.000 ante o notario de Santiago Enrique Roger Amat, número de protocolo 1.413, constituíuse a sociedade mercantil de carácter unipersoal EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, S.A. (EMUVISSA) co seguinte obxecto social, segundo reza o artigo

1 dos seus estatutos:

- a) Creación de solo residencial, terciario, industrial e de equipamentos, e usos que xeren emprego.
- b) Remodelación ou reformas de zonas urbanas.
- c) Redacción de planes de ordenación, proxectos de urbanización e de obras e cantos instrumentos e documentos de ordenación e de xestión urbanística estean contemplados na lexislación urbanística, así como a iniciativa para a súa tramitación e aprobación.
A actividade urbanizadora poderá abarcar tanto á preparación do solo e renovación ou remodelación urbanas, como a realización de obras de infraestrutura urbana e dotación de servizos para a execución dos planes de ordenación.
- d) Promoción, construción e rehabilitación de toda clase de bens inmobles, destinados a servizos e usos públicos e a actividades industriais, terciarias e residenciais.
- e) Xestión e explotación de obras e servizos resultantes da urbanización no caso de obter a concesión ou concluír o convenio correspondente, conforme ás normas aplicables en cada caso.
- f) Realización das funcións de ámbito municipal que se lle encomenden polo Concello de Santiago de Compostela, relacionadas cos habitantes, a poboación, as infraestruturas, a política de solo e a xestión e explotación dos bens municipais tanto patrimoniais como de dominio público. A tal efecto, esta Sociedade poderá asumir as competencias que sexan delegables nas xerencias de urbanismo e susceptibles de xestión en forma de sociedade mercantil, de conformidade coa lexislación urbanística, previa delegación expresa, no seu caso, polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela.
- g) Investigación, información, e asesoramento e colaboración en estudos e actividades técnicas relacionadas cos habitantes e co urbanismo.
- h) Calquera outra actividade relacionada coas expresadas nos apartados anteriores incluso a construción, arrendamento e aellamento de vivendas, naves industriais ou comerciais.

II.- Na data 12 de novembro de 2012, no salón de Plenos da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, reuniuse o socio único, o Concello de Santiago de Compostela e constituíuse a Xunta Xeral extraordinaria da Sociedade que acorda nese acto aprobar a disolución voluntaria da sociedade no marco do cumprimento do Plan de Axuste do Concello de Santiago de Compostela, aprobado en sesión extraordinaria do Pleno de 30/03/2012 con nomeamento de órgano liquidador. e a cesión global do activo e pasivo de EMUVISSA, dentro do proceso liquidador ao Concello de Santiago como socio único.

Pola súa banda o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 26 de decembro de 2012, acordou por maioría aceptar a cesión global do activo e pasivo da Empresa en liquidación acordada pola Xunta Xeral da sociedade.

No informe do balance aprobado consta as actuacións desenvoltas nos catorce ámbitos nos que actuou EMUVISSA durante os seus doce anos de existencia e as parcelas que se transferiron ao Concello de Santiago como consecuencia da xestión que dou lugar á construción de milleiros de vivendas a maioría de protección pública.

III.- Resulta necesario sempre recordar o contido do 47 da Constitución Española. "Todos los Españoles tienen derecho a disfrutar de una vivienda Digna y adecuada y los Poderes Públicos promoverán las condiciones necesarias y establecerán las medidas pertinentes para hacer efectivo este Derecho."

A viabilidade deste principio choca coa imposibilidade real de acceder a él por parte dun grupo elevado de persoas, dada a diferenza existente entre as rendas que perciben e os custes que representa a tenencia en propiedade ou aluguer dunha vivenda.

Resulta necesario facilitar en Compostela a disposición dun ben socialmente necesario, polo que é preciso intervir sobre os mecanismos do mercado para poder garantir o acceso á vivenda. Ese obxectivo debe considerarse como unha intervención pública máis en orde á procura do benestar dos cidadáns e cidadás de Compostela.

IV.- O contido da problemática residencial na nosa cidade confórmase coa conxunción de tres situacións fundamentais que compoñen a demanda:

En primeiro lugar, atópanse todas aquelas familias e persoas que se aloxan en condicións inadecuadas, correspondente ao conxunto de vivendas antigas que teñen moi deterioradas as súas condicións de habitabilidade. Ademais dun deficiente estado de conservación, estas vivendas adoitan ter pequeno tamaño e carecen de instalacións axeitadas.

O sector social suxeito desta problemática residencial solen ser as persoas maiores, moitos e moitas delas viviron neses barrios toda a vida, con baixos recursos económicos procedentes de pensións baixas.

Mención especial merecen as condicións dalgúns edificios do Casco Histórico necesitados dunha urxente rehabilitación que os devolva ao mercado da vivenda.

En segundo lugar atópanse as familias que residen en barrios de vivenda social construídos entre finais da década dos anos cincuenta e a década dos sesenta. O deterioro que sofre algún destes barrios fai que as condicións de habitabilidade que se pode manter neles estean por debaixo da esixible actualmente.

En terceiro debemos considerar a incapacidade das persoas xoves de acceder ao mercado residencial, o que bloquea o proceso individual de obtención da autonomía persoal formando novos fogares propios. No conxunto de problemáticas que inciden no proceso de emancipación da poboación xoven en España poucas veces tense tido en conta con tanta forza a cuestión do aloxamento-vivenda. A relación entre os procesos de emancipación e a formación de novos fogares respecto á estrutura do mercado da vivenda na que teñen que desenvolverse, presenta unha situación clara de desequilibrio cada vez máis acusada.

O acceso a unha vivenda hoxe, en calquera cidade española e tamén na nosa, plantéxase coma un problema para calquera cidadán e cidadá e máis se quen busca a vivenda é unha persoa xoven e por primeira vez. As cifras con contundentes, a idade media de emancipación dos nosos xóvenes pasou de 27,5 anos no 1.980 a 31,5 en 1.994 sendo actualmente a máis elevada da media europea. A situación en Santiago aínda é máis preocupante posto que o desequilibrio entre o custe da vivenda e a capacidade económica das novas familias fai que migren a entornos limítrofes coa inevitable perda de poboación.

Este desequilibrio estase a acrecentar ante o recente fenómeno das Vivendas de Uso Turístico, con efecto directo no prezo e dispoñibilidade de vivendas para a compra ou aluguer por parte dos composteláns e compostelás.

Débese ter en conta asemade a subida do prezo da vivenda nos derradeiros dez anos. O Boom inmobiliario ten xerado unha oferta masiva para atender a unha demanda solvente que deixa fóra a posibilidade de acceder a unha vivenda á demanda máis maioritaria. Se consideramos a relación prezo da vivenda /ingresos familiares como indicador do número de anos que unha familia tardaría en pagar a súa vivenda en propiedade, esta proporción supón en cidades como Santiago moito mais da media europea sendo que o peso do préstamo da adquisición da vivenda na renda familiar dispoñible aproximase en España ao 57%, circunstancia que tamén incentiva ás familias a buscar a súa vivenda fóra de Compostela.

Por último, da experiencia aportada polos anos de funcionamento da Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.A. EMUVISSA á que se fixo referencia ao inicio do informe pódese concluír que a constitución dunha sociedade mercantil pública para a xestión da vivenda e do solo permite mellorar a consecución da actividade urbanizadora e a posta de vivenda no mercado; en definitiva “facer cidade”. A figura xurídica proposta facilita a eficacia da xestión o que necesariamente contribuirá a xerar máis oferta e máis atractiva para os actuais cidadáns e cidadás que por unha banda abunde no cumprimento do dereito constitucional, fixe a poboación existente e abone a seu crecemento, e por outra banda favoreza a posta en valor dos inmobles que neste momento atópanse en condicións de falla de conservación e falla de adecuada habitabilidade e accesibilidade.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As entidades locais poden constituír sociedades mercantís de titularidade pública, de conformidade coa lexislación aplicable, para a execución da actividade urbanística. Así, o artigo 4.1(a) da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, en adiante) atribúe aos concellos a potestade de autoorganización. O exercicio desta potestade de autoorganización, no que se refire á prestación dos servizos públicos municipais nalguna das modalidades permitidas polo ordenamento xurídico, está suxeito ao interese público (artigo 103.1 da C.E.; artigo 3.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público).

O citado interese xeral concrétese inicialmente na consecución da eficacia administrativa e na eficiencia económico orzamentaria (artigo 31.2 da C.E.). A administración debe ser eficaz co menor custe posible; porén os obxectivos dunha administración pública non poden medirse exclusivamente en criterios de eficiencia posto que o favorecemento do cumprimento do dereito a unha vivenda digna e adecuada, a mellora dos entornos das cidades e o fomento da prestación e dos servizos á cidadanía non necesariamente debe resultar lucrativa, posto que a intervención pública debe tender asemade ao obxectivo de asegurar a equidade e a cohesión social.

A primeira das cuestións a analizar é se actividade necesaria para a consecución dos obxectivos pretendidos é de competencia municipal e, sentado o anterior, se para a súa consecución pode crearse unha sociedade mercantil pública, cal é o procedemento a seguir e cal o órgano competente.

Débese partir de que o artigo 85.2 da LRBRL sinala que os servizos públicos de competencia local terán que xestionarse da forma máis sostible e eficiente de entre as que enumera, e que esa xestión pode ser directa ou indirecta.

Asemade, en canto ás competencias urbanísticas, o artigo 20 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, establece que os municipios exercerán en todo caso como competencias propias todas as facultades que lle atribúe a Lei 2/2016 e demais normativa que resulte de aplicación en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sostibilidade financeira e conservación e rehabilitación da edificación, salvo que estean expresamente atribuídas a outras administracións.

Centrada xa a competencia municipal sobre a que se vai estudar a súa máis axeitada forma de xestión, debemos apuntar que no actual artigo 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia non se nomean as sociedades urbanísticas públicas como persoas xurídicas de xestión, senón que se establece que a xestión da actividade pode desenvolverse directamente pola administración urbanística competente ou a través das formas previstas por esa lei e das autorizadas pola lexislación reguladora da administración actuante.

A citada remisión á lexislación reguladora da administración actuante, enténdese referida á LRBRL e ao Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local así como á Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia entre outras.

Pois ben; resulta certo que non hai unha referencia explícita como a que existía no artigo 5 de la Lei del Solo de Galicia, Lei 9/2002, de 30 de decembro, ás sociedades mercantís públicas, porén da lectura dos artigos 85.2(d, 85.ter.2 e 86.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, do artigo 96 e 97 do Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local e do artigo 295.3.(c e 302 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia despréndese a habilitación legal desta Administración para decidir que determinados servizos se desenvolvan en forma de xestión directa, incluída a actividade urbanística, a través de sociedades mercantís públicas de titularidade local cos límites e requisitos que nos indicados artigos se explicitan.

Entre os límites mencionados,

1.- O artigo 9.2 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público que reserva aos funcionarios públicos en todo caso o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais.

2.- A acreditación mediante memoria xustificativa que esta forma de xestión resulta máis eficiente e sostible que a xestión pola propia entidade ou organismo autónomo local.

Razoadada a posibilidade de que este Concello preste de xeito directo competencias urbanísticas propias, a través dunha sociedade mercantil de titularidade integramente local cando esta forma de xestión se demostre máis sostible, imos analizar a natureza das sociedades mercantís públicas.

CONCEPTO

Unha Sociedade urbanística é unha sociedade mercantil cuxo capital pertence total ou parcialmente á administración pública ou a outro organismo da mesma, cuxo obxecto e finalidade é a actividade urbanística, especialmente a promoción, tenencia, xestión e administración de solo, vivenda e equipamentos urbanísticos, xa sexa por conta propia ou mediante delegación ou encargo da súa administración titular.

A actuación da Sociedade atópase sometida en gran medida ao ordenamento xurídico privado, pero a súa constitución sométese ao dereito administrativo coas formalidades de elevación a escritura pública e inscrición no Rexistro esixidas pola lexislación mercantil.

Desde esa perspectiva a constitución dunha sociedade urbanística municipal seguirá un proceso dual:

En primeiro lugar, o interno dentro da propia corporación municipal, sometido ao dereito administrativo centrado no tradicional procedemento de municipalización con certas singularidades recollidas no artigo 86 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 97 do T.R.R.L.

En segundo lugar, o externo sometido ao dereito mercantil, mediante o outorgamento de escritura de constitución e a súa inscrición, previa cualificación, no Rexistro Mercantil.

CARACTERÍSTICAS

A sociedade que se cree ao rematar o proceso de darse os requisitos legalmente establecidos terá as seguintes características:

- Será unha Sociedade de natureza mercantil

O artigo 85 ter da L.R.B.R.L. no seu parágrafo 2.º en relación ás sociedades locais, establece que deberán adoitar unas das formas previstas no Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo. Na escritura de constitución debe constar o capital que deberá aportar a Administración Pública titular, neste caso o Concello de Santiago de Compostela.

- Poderá ter a consideración de «medio propio» ente instrumental do Concello de Santiago de Compostela se así se considera cumprindo os requisitos establecidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

- A súa finalidade esencial será o urbanismo.

Constituirase para realizar actuacións urbanísticas concebidas nun sentido amplo, como todas as actuacións de planificación e xestión urbanística e de administración e explotación dos inmobles e servicios resultantes da urbanización, co único límite da imposibilidade de realización de actos que impliquen exercicio de autoridade, que se atopan reservados a Administración Pública.

CAPACIDADE DE ACTUACIÓN

A capacidade de actuación da sociedade pública de nova creación debe e pode ser moi ampla, se ben esta ten que estar establecida no obxecto social fixado nos seus estatutos. Tal constancia resulta necesaria posto que de acordo coa normativa mercantil, é o obxecto o que determina a capacidade de actuación da sociedade e,

desde o punto de vista administrativo ao aprobalo a administración titular, determina o alcance concreto da actuación do novo órgano, creado en base á potestade de autogoberno.

Aínda neste momento inicial pódese adiantar que o obxecto social da nova sociedade abarcaría:

- O urbanismo: sen ánimo limitativo a xestión, redacción de planeamento e promoción de equipamentos.
- A vivenda: contempla non só a promoción de vivenda de nova planta senón a de rehabilitación e remodelación urbana, así como a administración do patrimonio edificado.
- A xestión de equipamentos públicos: a tal efecto a sociedade podería xestionar, administrar e conservar equipamentos ou dotacións públicas propiedade da administración, que se lle encarguen ou encomenden.
- A consultoría e xestión de fondos públicos e subvencións.
- A administración do Patrimonio Municipal do Solo e do patrimonio ordinario.

PROCEDIMENTO DE CREACIÓN

Existe certa confusión na regulación en canto a se o procedemento de municipalización resulta necesario en supostos de xestión directa de competencias propias (como a urbanística) a través dunha sociedade mercantil pública; porén concorda a que suscribe coa Dirección da Asesoría Xurídica en que certas actuacións de xestión do solo poden supoñer intervención no mercado, poden ter natureza de actividade de carácter económico en libre concorrència cos particulares o que fai adecuada e conveniente a tramitación do procedemento descrito no artigo 97 do Texto Refundido de disposicións vixentes de réxime local coas especialidades do artigo 86 da LRBRL.

Abundando no exposto, da redacción dos artigos 85 e 86 da LRBRL parece desprenderse, que só cando o concello pretenda desenvolver actividades económicas en libre concorrència sería necesaria a tramitación dun expediente de municipalización.

Pola contra, tal expediente non sería necesario cando o Concello pretenderá xestionar directamente a través da creación dunha sociedade mercantil pública os servizos públicos da súa competencia.

Sobre cal é a extensión das actuacións referenciadas no artigo 85 da LRBRL tense pronunciado o T.C. en varias ocasións (serva de exemplo a Sentenza de 3 de marzo de 2016) ditada ao resolver un recurso contra a Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Na sentenza o Tribunal parte de que afirmar que os concellos só poden obter competencias propias nas enumeradas no artigo 25.2 da LRBRL é erróneo, posto que este determina as materias que en todo caso o municipio debe desenvolver como competencias propias. Este artigo, indica o T.C. non atribúe competencias; introduce condicións á lexislación que as confire. Por elo as competencias propias atribuiranse

aos municipios de modo específico a través dalei sectorial estatal e da CC.AA., cada unha no marco das súas competencias.

No ámbito estudado, o artigo 20 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia establece que os Concellos exercerán en todo caso como competencias propias todas as facultades que lles atribúe a Lei 2/2016 de 10 de febreiro e demais normativa que resulte de aplicación en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico, promoción e xestión de vivenda de protección pública, con criterios de sostibilidade financeira.

Neste sentido a xurisprudencia diferencia entre os servicios públicos de titularidade local, aqueles que están expresamente regulados no art. 25 de la LRBRL (LA LEY 847/1985), de aqueles outros que son de competencia local aínda que o sexan en réxime de libre competencia, os denominados servicios de natureza prestacional, que se caracterizan por necesitar unha *publicatio*, unha declaración formal por parte da entidade local de ter a vontade de participar e intervir na actividade económica (neste caso a urbanística) prestando determinados servizos en aras do interese xeral.

COMPETENCIA

O órgano competente para decidir a forma de xestión dos servicios públicos é o Pleno da Corporación. Así consta recoñece no art. 22.1.f) da LRBRL, art. 123.1.k) para os municipios de gran poboación.

Polo tanto, será o Pleno da Corporación quen aprobe, de consideralo oportuno o expediente de xestión do servicio público de que se trate, a declaración de intervir na actividade económica e a creación da sociedade mercantil local nos termos que se establezan no expediente tramitado.

No que se refire ó quórum necesario para adopción do acordo, é suficiente a maioría simple, xa que non se trata neste suposto da execución efectiva da actividade en réxime de monopolio, no que si se precisaría, tal e como dispón o artigo 47 da Lei 7/85 e o 97.2 do TRRL, o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación

EXPEDIENTE DE MUNICIPALIZACIÓN

O contido do expediente con todos os seus trámites ven regulado no art. 97 do citado TRRL, coas especialidades derivadas do artigo 86 da LRBRL.

Requírese:

a) Acordo inicial da Corporación, e designación dunha Comisión de Estudo composta por membros da mesma e por persoal técnico.

b) Redacción pola citada Comisión dunha memoria relativa ós aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica de que se trate, na que se deberá determinar a forma de xestión, entre as previstas pola Lei, e os casos nos que debe cesar a prestación da actividade. Asemade, deberá acompañarse un proxecto de prezos do servicio, no que para a súa fixación terase en conta que é lícita a obtención de beneficios aplicable ás necesidades xerais da Entidade local como ingreso do seu orzamento, sen prexuízo da constitución de fondos de reserva e amortizacións.

c) Exposición ao público da Memoria despois de ser tomada en consideración pola Corporación, e por prazo non inferior a trinta días naturais, durante os cales os particulares e entidades poderán formular observacións.

d) Finalmente, aprobación do proxecto polo Pleno da Entidade Local. No expediente a elevar ao Pleno para a súa aprobación, incorporárase a memoria xustificativa do asesoramento recibido, cos informes sobre o coste do servizo e do auxilio técnico recibido. Igualmente, debe incorporarse informe da intervención, valorando a sostibilidade financeira da proposta de conformidade co Art. 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

Adoptado acordo plenario de aprobación definitiva da memoria, estatutos e proxecto elaborados pola Comisión xunto coas modificacións que procedan do estudo das alegacións presentadas, así como a creación da sociedade mercantil pública para as finalidades estatutarias e coa xustificación da súa conveniencia que conste na Memoria nos termos do artigo 86 da LRBRL, procederase ao outorgamento de escritura pública notarial, inscrición no rexistro mercantil e acordo de constitución dos órganos da sociedade derivados da súa natureza de sociedade de capital.

Visto a Providencia remitida e de conformidade cos fundamentos fácticos e xurídicos expostos no informe, propónse ao Pleno da Corporación a adopción de acordo no sentido seguinte:

Primeiro: Iniciar o procedemento para a creación dunha SOCIEDADE MERCANTIL cuxo capital pertenza na súa totalidade ao Concello de Santiago de Compostela, cuxo obxecto e finalidade sexa (sen ánimo limitativo) a actividade urbanística, especialmente a promoción, tenencia, xestión e administración de solo e opatrimonio, vivenda e equipamentos urbanísticos, sen prexuízo da actuación en materia de consultoría, xestión da rehabilitación e axudas públicas para esa finalidade; xa sexa por conta propia ou mediante delegación ou encargo desta administración constituída de acordo co procedemento administrativo establecido pola normativa e coas formalidades esixidas.

Segundo: Constituír a Comisión Especial encargada da elaboración da Memoria xustificativa e Proposta de estatutos da Sociedade Mercantil Pública de carácter urbanístico que estará constituída polos seguintes membros:

Presidencia: A Alcaldía da Corporación.

Unha persoa concelleira representante de cada un dos Grupos Municipais.

O Vicesecretario Municipal, Don José Manuel González García.

A Directora da Área de Urbanismo e Obras, Dona Ana Isabel Prieto Flórez.

O Director da Asesoría Xurídica Municipal, Don Manuel Cutrín Domínguez.

O Técnico da Oficina Orzamentaria, Don Jesús Noya Liste.

En representación da Intervención Xeral Municipal, Dona Berta Rosón López.

A Xefa de Sección de Xestión de Planeamento, Dona Pilar Rubín Paz.

Don José Ramón Alonso Fernández, Secretario Xeral do Pleno que exercerá de Secretario.

Para o mellor desenvolvemento da súa labor a Comisión Especial poderá contar cos asesoramentos técnicos que considere necesarios que terán carácter público e cuxos informes serán incorporados ao procedemento.

Os asesores externos terán voz, pero non voto nas sesións ás que sexan chamados.

Terceiro: Habilitar á Alcaldía para designar mediante Providencia a quen substitúa aos nomeados en caso de ausencia ou enfermidade.

Isto é o que teño a ben informar sen prexuízo doutro criterio mellor fundado en dereito, ao que gustosamente me someto e de que a Corporación adopte o acordo que estime procedente.”

Presenta emenda de adición o grupo municipal de CA, á proposta de inicio do procedemento de creación da sociedade, e unha vez sometida a votación o Pleno por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, polo que queda rexeitada a citada emenda.

Á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente á sesión ordinaria do pasado día 22, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 13 abstencións correspondentes aos concelleiro/as dos grupos municipais do Partido Popular e de Compostela Aberta (8 PP e 5 CA) acorda:

Primeiro: Iniciar o procedemento para a creación dunha SOCIEDADE MERCANTIL cuxo capital pertenza na súa totalidade ao Concello de Santiago de Compostela, cuxo obxecto e finalidade sexa (sen ánimo limitativo) a actividade urbanística, especialmente a promoción, tenencia, xestión e administración de solo e o patrimonio, vivenda e equipamentos urbanísticos, sen prexuízo da actuación en materia de consultoría, xestión da rehabilitación e axudas públicas para esa finalidade; xa sexa por conta propia ou mediante delegación ou encargo desta administración constituída de acordo co procedemento administrativo establecido pola normativa e coas formalidades esixidas.

Segundo: Constituír unha Comisión Especial encargada da elaboración da memoria xustificativa e proposta de estatutos da Sociedade Mercantil Pública de carácter urbanístico que estará constituída polos seguintes membros:

Presidencia: A Alcaldía da Corporación.

Un/unha persoa concelleiro/a representante de cada un dos Grupos Municipais.

O Vicesecretario Municipal, Don José Manuel González García.

A Directora da Área de Urbanismo e Obras, Dona Ana Isabel Prieto Flórez.

O Director da Asesoría Xurídica Municipal, Don Manuel Cutrín Domínguez.

O Técnico da Oficina Orzamentaria, Don Jesús Noya Liste.

En representación da Intervención Xeral Municipal, Dona Berta Rosón López.

A Xefa de Sección de Xestión de Planeamento, Dona Pilar Rubín Paz.

Don José Ramón Alonso Fernández, Secretario Xeral do Pleno que exercerá de Secretario.

Para o mellor desenvolvemento da súa labor a Comisión Especial poderá contar cos asesoramentos técnicos que considere necesarios que terán carácter público e cuxos

informes serán incorporados ao procedemento.

Os asesores externos terán voz, pero non voto nas sesións ás que sexan chamados.

Terceiro: Habilitar á Alcaldía para designar mediante Providencia a quen substitúa aos nomeados en caso de ausencia ou enfermidade.

4. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CO NÚMERO 2021-SUPLE-06 POR IMPORTE 422.587,52 EUROS, PARA COMPLETAR A ACHEGA MUNICIPAL AO PROXECTO SMARTIAGO, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, emitida en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

Visto o informe da Oficina Orzamentaria de data 04.11.2021 sobre a procedencia de incoación dun expediente de suplemento de crédito de importe 422.587,52 euros, financiado con baixas por anulación, co obxecto de completar o importe da achega municipal necesaria no proxecto SMARTIAGO que equilibre o financiamento actual do proxecto e garanta a súa execución ata a súa finalización e xustificación prevista para o vindeiro ano 2022.

Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 04.11.2021.

Vista a existencia dunha serie de proxectos de gasto que contan con crédito dispoñible susceptibles de achegar financiamento a modificación proposta, ben sexa pola existencia de economías na súa execución ou polo desestimento achegado polos responsables administrativos dos proxectos afectados. Consta operación RC que financia o suplemento de crédito co número 220210023357 e números de referencia consecutivos 22021010375 a 22021010393.

Visto o resto de documentación que se achega e forma parte do expediente a tramitar.

Visto o informe proposta da Oficina Orzamentaria nº 84/2021 de data 05.11.2021 en relación a este expediente de suplemento de crédito.

Visto o informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal emitido con data 10.11.2021 en relación a este expediente de suplemento de crédito.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de 11.11.2021 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE-06.

Consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de suplemento de crédito. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Con data de 29.09.2021 o Ministerio de Ciencia e Innovación (en diante MCIN) transferiu ao Concello de Santiago de Compostela o importe do 2º libramento (2.966.400,00 euros) do préstamo concedido como anticipo reembolsable con base no establecido na cláusula terceira do convenio asinado en data de 04.12.2017 para o financiamento do proxecto SMARTIAGO, cofinanciado con fondos FEDER.

Con data de 11.10.2021 a Xunta de Goberno Local tomou acordo relativo a unha nova reanualización do proxecto SMARTIAGO que tiña por fundamentación planificar o proxecto ata a súa finalización tendo en consideración os últimos feitos acontecidos na súa xestión:

- Os retrasos nas licitacións efectuadas e as baixas económicas producidas nas propias licitacións realizadas.

- A xustificación remitida ao Ministerio en relación ao 1º libramento recibido de 1.977.600,00 euros, que supuxo a devolución de 1.002.955,60 euros do importe do préstamo concedido como anticipo reembolsable.

- A devolución efectuada, afectou dun xeito global ao financiamento do proxecto e, como consecuencia, acordouse o axuste á baixa do custe total do mesmo que pasou de 6.180.000,00 euros previstos inicialmente a 5.334.720,66 euros, correspondendo ao préstamo concedido como anticipo reembolsable unha porcentaxe de financiamento no proxecto do 73,88% fronte o 80% inicialmente previsto, tendo que asumir o Concello este déficit de financiamento a través dun aumento da achega municipal ata o momento en que se produza a xustificación e aprobación do gasto e a súa posterior conversión en subvención, que nese momento, si que chegaría ao 80% da totalidade do gastoeffectuado e validado pola Unión Europea.

Tendo en conta o antedito, a oficina contable propón darlle prioridade ao principio contable público de prudencia sobre o principio contable público de devengo en relación coa dotación dos créditos e gastos imputables á anualidade 2021 do proxecto de gasto, no sentido de que unha vez coñecido polo Concello a alteración do coeficiente de financiación correspondente á achega municipal, resulta necesario asegurar a mesma, aos efectos de poder cumprir coas obrigas derivadas do convenio no tempo e forma establecidos no mesmo.

Por outro lado, o propio Ministerio, unha vez xustificado primeiro libramento, ingresou na Tesourería Municipal o importe correspondente ó segundo libramento que ascendeu a 2.966.400,00€. Tendo en conta a natureza deste ingreso, de acordo coas instrucións do Ministerio, impútase ao capítulo 9 “pasivos” do orzamento de ingresos en tanto non se xustifique o cumprimento da súa finalidade, e para reflectir o importe devindicado do mesmo, aprobouse o expediente de xeración de crédito 2021-XENER-19 polo importe que non figuraba nas previsións iniciais e que ascende a 215.534,70 euros (resolución nº 2021/10452 de data 03.11.2021).

Polo tanto, a achega municipal adicional ao proxecto cuantificada en **422.587,52 euros** que se propón aprobar, completaría a achega que debería asumir o Concello na súa totalidade, e serve de garante para que o proxecto SMARTIAGO conte ao inicio do vindeiro ano co crédito suficiente para completar a execución das actuacións en marcha ou pendentes de licitar e que deberían concluír nese exercicio, toda vez que a data límite de execución e xustificación do proxecto é o 22.12.2022. Calquera retraso na dispoñibilidade de recursos ao inicio de ano podería levar a non conclusión en

prazo dos contratos licitados e adxudicados ou pendentes de licitación, co prexuízo económico que podería supoñer para as arcas municipais (a non xustificación en prazo do gasto mínimo acordado no marco do convenio deixaría sen efecto o financiamento achegado de fondos FEDER e dos fondos de GAIN, tendo que asumir o Concello o posible déficit de financiamento do proxecto ao decaer estes recursos).

Con base no antedito e con base na documentación que figura no apartado de antecedentes do expediente que da soporte á solicitude de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2021-SUPLE-06, queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O recurso que financia este expediente de suplemento de crédito procede de baixas por anulación do crédito dispoñible existente nas seguintes aplicacións orzamentarias incluídas nos seguintes proxectos de gasto:

Baixa por anulación do crédito dispoñible nunha serie de proxectos de gasto dos anos 2014, 2016, 2017 e 2018 que xa están concluídos (no caso de obras xa recibidas polo Concello) e que deixaron economías susceptibles de achegar crédito a este suplemento de crédito financiadas con préstamos xa formalizados polo Concello con entidades bancarias e nalgúns casos incluso xa amortizados.

No caso da baixa por anulación proposta dunha parte do crédito dispoñible do proxecto de gasto 2017 2 ALTIB 33 (Mellora e ampliación aparcamento conservatorio de música e 1ª fase reurbanización na rúa Altiboia), esta actuación, aínda se está a desenvolver no momento actual polo Concello, conta co financiamento achegado no proxecto de gasto <2020 4 RLTOU 62 3> baixo a aplicación orzamentaria 040 15321 6190002 e por un importe de 208.907,95 euros, con previsión de finalización neste ano.

A súa relación é a seguinte:

Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto de gasto	Descrición	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixa por anulación do crédito dispoñible	080	32600	6090000	2014 2 LUDOF 3	Obras exteriores na ludoteca de fontañas	24,83	24,83	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6090000	2016 2 APARC 40	Aparcamento de superficie nunha parcela do sergas da Avda. de Ferrol	2.416,49	2.416,49	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	33404	6220000	2016 2 CASVI 41	Caseta para aavv de Vite de Arriba	6.060,66	6.060,66	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 9	Reurbanización Patio de Madres e Castrón Douro	22.980,85	22.980,85	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 10	Proyecto de Viales y Aceras da calle de Batalla de Clavijo y anexas	29.198,70	29.198,70	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	23100	6250000	2017 2 MOBAS 21	Mobiliario. Programa Housing First	553,53	553,53	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15320	6190000	2017 2 ACCOP 28	Obras de accesibilidade de Fontañas	12,35	12,35	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	Mellora e ampliación aparcamento conservatorio de música e 1ª fase reurbanización na rúa Altiboia	15.679,71	9.148,13	6.531,58
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6250000	2017 2 MOBRU 37	Paneis de comunicación social e mobiliario urbano	25,19	25,19	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	32000	6090000	2017 2 SENOP 38	Senda no campus educativo Lamas de Abade	2.180,22	2.180,22	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16500	6090000	2017 2 ALUM 46	Servizo de mantemento do alumeadado público, instalac. elect. dos locais municipais e instalacións do alum. orn. mon. conc	141,78	141,78	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6090000	2017 2 OUTEP 49	Parque en Outeiro de Sar	20,73	20,73	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6190000	2017 2 PARQU 51	Remodelación área de xogos parque Pablo Iglesias	3.222,67	3.222,67	0,00

Baixa por anulación do crédito dispoñible	010	43120	6230000	2017 2 GANDO 53	Investimentos mercado de gando	4.655,48	4.655,48	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	100	45400	6230000	2017 2 VEHIP 72	Vehículo desbrozador	210,00	210,00	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	16100	6190000	2018 2 INUND 63	Actuacións prioritarias por risco de inundación e danos a terceiros e ás persoas en diversos puntos do termo municipal	1.634,56	1.634,56	0,00

Baixa por anulación do crédito dispoñible existente na actualidade na aplicación orzamentaria 050 33600 6090000 por importe de 66.923,90 euros incluída no proxecto de gasto 2014 2 BELVI 25, cuxas dotacións no orzamento actual se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido no informe proposta que forma parte do expediente remitido pola Concellaría delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade, e cuxo financiamento procede de préstamo xa formalizado polo Concello coa entidade bancaria CAIXABANK no exercicio 2014 e que se encontra xa amortizado.

Baixa por anulación do crédito dispoñible existente na actualidade na aplicación orzamentaria 020 16100 7230000 por importe de 203.177,46 euros incluída no proxecto de gasto 2014 2 EDAR 44, cuxas dotacións no orzamento actual se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido no informe proposta que forma parte do expediente remitido pola Concellaría delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns, e cuxo financiamento procede de préstamos xa formalizados polo Concello coas entidades bancarias CAJA DE AHORROS DE GALICIA (2009), CAIXABANK (2014) e BBVA (2018), encontrándose os dous primeiros xa amortizados.

Baixa por anulación do crédito dispoñible existente na actualidade na aplicación orzamentaria 020 16100 6090000 por importe de 70.000,00 euros incluída no proxecto de gasto 2017 2 SOUTO 44, cuxas dotacións no orzamento actual se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido no informe proposta que forma parte do expediente remitido pola Concellaría delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns, e cuxo financiamento procede de préstamos xa formalizados polo Concello coas entidades bancarias BANCO SABADELL (2017) e BBVA (2018).

Neste sentido, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número 220210023357 e números de referencia consecutivos 22021010375 a 22021010393.

Tomando en consideración o resto de normativa de aplicación:

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 35, 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade

Financeira.

Acordo do Congreso dos Deputados, na sesión do 20 de outubro de 2020 na que apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2021-SUPLE-06 con base ao contido do informe proposta e resto de documentación que forma parte do expediente, por un monto global de **CATROCENTOS VINTE E DOUS MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (422.587,82 euros)** co obxectivo de dar cobertura de crédito que permita completar á achega municipal ao proxecto SMARTIAGO.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO		PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	
Achega municipal para completar o cofinanciamento do Concello ao proxecto SMARTIAGO	030	46200	6410000	2018 2 TIAGO 27	422.587,52	SC	Baixa por anulación do crédito dispoñible	080	32600	6090000	2014 2 LUDOF 3	24,83
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	33600	6090000	2014 2 BELVI 25	66.923,90
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16100	7230000	2014 2 EDAR 44	203.177,45
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6090000	2016 2 APARC 40	2.416,49
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	33404	6220000	2016 2 CASVI 41	6.060,66
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 9	22.980,85
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 10	29.198,70
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	23100	6250000	2017 2 MOBAS 21	553,53
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15320	6190000	2017 2 ACCOP 28	12,35
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	9.148,13
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6250000	2017 2 MOBRO 37	25,19
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	32000	6090000	2017 2 SENOP 38	2.180,22
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16100	6090000	2017 2 SOUTO 44	70.000,00
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16500	6090000	2017 2 ALUM 46	141,78
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6090000	2017 2 OUTEP 49	20,73
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6190000	2017 2 PARQU 51	3.222,67
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	010	43120	6230000	2017 2 GANDO 53	4.655,48
Baixa por anulación do crédito dispoñible	100	45400	6230000	2017 2 VEHIP 72	210,00							
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	16100	6190000	2018 2 INUND 63	1.634,56							
					422.587,52						422.587,52	

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Descrición	CX	Aplicación Orzamentaria			Proxecto de gasto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito Definitivo
Achega municipal para completar o cofinanciamento do Concello ao proxecto SMARTIAGO	44	030	46200	6410000	2018 2 TIAGO 27	4.361.682,41	422.587,52	4.784.269,93

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2021-SUPLE-06 422.587,52

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto de gasto	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixa por anulación do crédito dispoñible	080	32600	6090000	2014 2 LUDOF 3	24,83	24,83	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	33600	6090000	2014 2 BELVI 25	66.923,90	66.923,90	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16100	7230000	2014 2 EDAR 44	205.284,17	203.177,45	2.106,72
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6090000	2016 2 APARC 40	2.416,49	2.416,49	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	33404	6220000	2016 2 CASVI 41	6.060,66	6.060,66	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 9	22.980,85	22.980,85	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 10	29.198,70	29.198,70	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	23100	6250000	2017 2 MOBAS 21	553,53	553,53	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15320	6190000	2017 2 ACCOP 28	12,35	12,35	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	15.679,71	9.148,13	6.531,58
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6250000	2017 2 MOBRU 37	25,19	25,19	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	32000	6090000	2017 2 SENOP 38	2.180,22	2.180,22	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16100	6090000	2017 2 SOUTO 44	70.000,00	70.000,00	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16500	6090000	2017 2 ALUM 46	141,78	141,78	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6090000	2017 2 OUTEP 49	20,73	20,73	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6190000	2017 2 PARQU 51	3.222,67	3.222,67	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	010	43120	6230000	2017 2 GANDO 53	4.655,48	4.655,48	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	100	45400	6230000	2017 2 VEHIP 72	210,00	210,00	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	16100	6190000	2018 2 INUND 63	1.634,56	1.634,56	0,00

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN 422.587,52

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamento	422.587,52 €
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	
...	422.587,52 €

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE-06 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2021-SUPLE-06 se contra el non se formulase reclamación algunha, procederase á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE-06 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

No transcurso do debate auséntase o señor alcalde cando son as 10.59 horas e volve á sesión ás 11:02 horas.

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión extraordinaria do día 22 de novembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8PP, 5 CA e 2 BNG) acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2021-SUPLE-06 con base ao contido do informe proposta e resto de documentación que forma parte do expediente, por un monto global de CATROCENTOS VINTE E DOUS MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (422.587,82 euros) co obxectivo de dar cobertura de crédito que permita completar á achega municipal ao proxecto SMARTIAGO.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DEGASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO		PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	
Achega municipal para completar o cofinanciamento do Concello ao proxecto SMARTIAGO	030	46200	6410000	2018 2 TIAGO 27	422.587,52	SC	Baixa por anulación do crédito dispoñible	080	32600	6090000	2014 2 LUDOF 3	24,83
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	33600	6090000	2014 2 BELVI 25	66.923,90
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16100	7230000	2014 2 EDAR 44	203.177,45
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6090000	2016 2 APARC 40	2.416,49
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	33404	6220000	2016 2 CASVI 41	6.060,66
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 9	22.980,85
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 10	29.198,70
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	23100	6250000	2017 2 MOBAS 21	553,53
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15320	6190000	2017 2 ACCOP 28	12,35
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	9.148,13
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6250000	2017 2 MOBRO 37	25,19
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	32000	6090000	2017 2 SENOP 38	2.180,22
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16100	6090000	2017 2 SOUTO 44	70.000,00
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16500	6090000	2017 2 ALUM 46	141,78
							Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6090000	2017 2 OUTEP 49	20,73
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6190000	2017 2 PARQU 51	3.222,67							
Baixa por anulación do crédito dispoñible	010	43120	6230000	2017 2 GANDO 53	4.655,48							
Baixa por anulación do crédito dispoñible	100	45400	6230000	2017 2 VEHIP 72	210,00							
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	16100	6190000	2018 2 INUND 63	1.634,56							
					422.587,52						422.587,52	

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Descrición	CX	Aplicación Orzamentaria			Proxecto de gasto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito Definitivo
Achega municipal para completar o cofinanciamento do Concello ao proxectoSMARTIAGO	44	030	46200	6410000	2018 2 TIAGO 27	4.361.682,41	422.587,52	4.784.269,93

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2021-SUPLE-06 422.587,52

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto de gasto	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixa por anulación do crédito dispoñible	080	32600	6090000	2014 2 LUDOF 3	24,83	24,83	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	33600	6090000	2014 2 BELVI 25	66.923,90	66.923,90	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16100	7230000	2014 2 EDAR 44	205.284,17	203.177,45	2.106,72
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6090000	2016 2 APARC 40	2.416,49	2.416,49	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	33404	6220000	2016 2 CASVI 41	6.060,66	6.060,66	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 9	22.980,85	22.980,85	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	030	15321	6190000	2017 2 EDUSI 10	29.198,70	29.198,70	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	23100	6250000	2017 2 MOBAS 21	553,53	553,53	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15320	6190000	2017 2 ACCOP 28	12,35	12,35	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	050	15321	6190000	2017 2 ALTIB 33	15.679,71	9.148,13	6.531,58
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	15340	6250000	2017 2 MOBRU 37	25,19	25,19	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	32000	6090000	2017 2 SENOP 38	2.180,22	2.180,22	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16100	6090000	2017 2 SOUTO 44	70.000,00	70.000,00	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	16500	6090000	2017 2 ALUM 46	141,78	141,78	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6090000	2017 2 OUTEP 49	20,73	20,73	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	020	17100	6190000	2017 2 PARQU 51	3.222,67	3.222,67	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	010	43120	6230000	2017 2 GANDO 53	4.655,48	4.655,48	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	100	45400	6230000	2017 2 VEHIP 72	210,00	210,00	0,00
Baixa por anulación do crédito dispoñible	040	16100	6190000	2018 2 INUND 63	1.634,56	1.634,56	0,00

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN

422.587,52

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamento	422.587,52 €
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	
...	422.587,52 €

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE-06 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2021-SUPLE-06 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procederase á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE-06 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

5. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 0.00 XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DE TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO.

A proposta da concelleira delegada de facenda, en relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“En outubro do ano 2020, arrancou no Concello de Santiago de Compostela, a administración electrónica, coa posta en marcha do rexistro electrónico e da sede electrónica, con mais de 520 trámites totalmente electrónicos. A partires de entón, todas as persoas físicas que o desexasen e as persoas xurídicas, puidéronse dirixir ao concello empregando medios electrónicos.

Durante o ano 2021 proseguimos na culminación desta primeira parte da modernización da administración, relativa á implantación da administración electrónica, mediante a posta en marcha doutros fitos.

Así, e atendendo á materia que nos ocupa, destacar a posta en funcionamento, durante o primeiro trimestre do ano 2021, do módulo de xestión tributaria, eSTIMA. Gracias a este módulo, os cidadáns xa poden autoliquidar diversos impostos e taxas, dende as súas casas, sen ter que acudir ás dependencias municipais. Durante o ano 2022, e tamén gracias á implantación deste módulo de xestión tributaria eSTIMA, o pago a prazos de tributos de padrón, será unha realidade, permitindo aos contribuíntes facer fronte as súas obrigas tributarias, ata en 9 prazos.

En efecto, a modificación da ordenanza que agora nos ocupa, non sería posible sen a implantación da ferramenta da administración electrónica que se está a levar a cabo no concello de Santiago de Compostela e esta implantación, non sería posible sen a importante labor de definición e parametrización que está a levar a cabo boa parte do persoal municipal.

Durante o ano 2022, xa culminada a primeira fase da modernización da administración do Concello, relativa a implantación, seguiremos coa segunda fase, relativa á transformación dixital do concello, mediante a revisión de todos os procesos e procedementos, a introdución de automatismos naqueles procesos que o permitan ou a integración de sistemas.

En conclusión, o que perseguimos é unha administración electrónica ao servizo da cidadanía que facilite e simplifique a relación dos cidadáns co concello, coa firme convicción de que a transformación dixital nos permitirá concentrar os recursos humanos naqueles sectores da cidadanía que teñan mais dificultade para acceder aos medios electrónicos, diminuindo así a brecha dixital.

Con data 4 de novembro de 2021 esta Concellaría emitiu proposta provisional de modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público, que foi informada favorablemente pola Tesourería.

Con data 11 de novembro de 2021 Asesoría Xurídica emitiu informe e con data 16 de novembro de 2021 Tesourería emitiu novo informe. En base aos informes citados modifícase a redacción do apartado 5 do artigo 26 contido na proposta provisional inicial.

Con data 17 de novembro de 2021 emitiuse informe de Intervención. Con data 17 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de modificación. Con data 22 de novembro de 2021 a Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas emitiu ditame favorable.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Aprobación das seguintes modificacións da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público para a súa entrada en vigor ao día seguinte da publicación do acordo do Pleno de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña:

A.- Modificación do artigo 26, que queda redactado do seguinte modo:

Artigo 26. Sistema especial de pago (S.E.P.): Plan de pago personalizado.

1. Os obrigados ao pago que así o soliciten poderán acollerse ao plan de pago personalizado e pagar de forma fraccionada e mediante domiciliación bancaria as débedas polos tributos de vencemento periódico e notificación colectiva que se relacionan no apartado 2 deste artigo, devindicadas o 1 de xaneiro ou o primeiro día do período impositivo do exercicio, sen que lles sexa esixible o pago de xuros de mora nin a prestación de garantías.

2. Os obrigados ao pago poderán acollerse ao plan de pago personalizado para todos ou algún dos seguintes tributos:

- a) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- b) Imposto sobre bens inmobles.
- c) Imposto sobre actividades económicas.
- d) Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público para paso de vehículos a través de beirarrúas ou calzadas, e para reserva da vía pública para aparcamento exclusivo.
- e) Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público con

mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

3. O plan de pago personalizado permitirá distribuír os pagamentos ao longo do ano en tres, cinco ou nove cotas, a elección do solicitante cando se adhira ao sistema.

O obrigado ao pago aboará mediante domiciliación as cotas tributarias fraccionadas nas seguintes datas, dependendo do número de prazos aos que se adhira:

- a. Tres cotas: Primeiro prazo 5 de xullo; segundo prazo 5 de setembro; terceiro prazo 5 de novembro
- b. Cinco cotas: Primeiro prazo 5 de marzo; segundo prazo 5 de maio; terceiro prazo 5 de xullo; cuarto prazo 5 de setembro; quinto prazo 5 de novembro
- c. Nove cotas: Primeiro prazo 5 de marzo; segundo prazo 5 de abril; terceiro prazo 5 de maio; cuarto prazo 5 de xuño; quinto prazo 5 de xullo; sexto prazo 5 de agosto; sétimo prazo 5 de setembro; oitavo prazo 5 de outubro; noveno prazo 5 de novembro

O importe de cada cota será o resultado de dividir o importe dos recibos polo número de fraccións. O importe mínimo de cada cota para a emisión de recibos fraccionados será de 10 euros. No suposto de que o número de cotas ao que se adhira o obrigado ao pago supoña a emisión de cotas de importe inferior ao mínimo establecido, o Concello reducirá o número de prazos para manter a adhesión ao sistema especial de pago. Se non fora posible, non incluírá ou excluírá ao obrigado ao pago deste sistema.

O importe da débeda a fraccionar será a que corresponde co importe dos últimos recibos aprobados no momento de emitir a primeira cota. Regularizarase o importe das cotas sucesivas en función do importe dos recibos aprobados ao longo do exercicio.

4. Para acceder a esta modalidade de pago, os obrigados ao pago deberán cumprir os requisitos que de seguido se recollen:

- a) Non ter ningunha débeda en vía executiva co Concello á data límite de notificación formal ao Concello da adhesión ao sistema que se recolle na letra c) deste parágrafo.
- b) Domiciliar os seus recibos en calquera entidade financeira.
- c) Notificar formalmente á Administración tributaria municipal a adhesión a este sistema antes do día 1 de febreiro do exercicio no que se pretende a súa aplicación.
- d) Incluír todos os seus recibos dos tipos de ingreso que se acollen a este sistema.

5. A adhesión ao sistema especial de pagos será efectiva desde o mesmo día da solicitude sempre que se cumpran todos os requisitos establecidos no parágrafo anterior.

No suposto de que a solicitude se presente despois da data indicada, a adhesión terá efectos tributarios no exercicio seguinte.

De non se cumprir os requisitos establecidos a administración tributaria municipal non incluírá ao solicitante no sistema especial de pago ou o cancelará a no caso de que estivera incluído con anterioridade.

Unha vez incluídos os recibos neste sistema de pago entenderase prorrogado tacitamente agás renuncia expresa presentada antes do día 1 de febreiro do exercicio no que se pretende a cancelación da adhesión, ou incumprimento de calquera dos

prazos.

6. Cando por causas imputables ao obrigado ao pago a débeda non se faga efectiva no seu vencemento, isto é cando non se pague calquera dos prazos, perderase de maneira automática o dereito a beneficiarse deste sistema de pago, pasando a rexerse polo sistema xeral e, polo tanto:

- a) se o período voluntario de ingreso non tivera finalizado, terase que proceder ao pago integro das débedas dentro do período voluntario de ingreso establecido para os tributos ou ingresos de dereito público;
- b) se o período voluntario de ingreso tivera finalizado, iniciárase a vía de constrinximento polas contías pendente de pago.

7. Se o obrigado ao pago decidira adiantar o pago de calquera das cotas á data de vencemento sinalada, deberá abonar o importe total do recibo para o que terá que dirixirse a administración tributaria municipal que lle entregará o documento de pago sen que isto supoña a perda do sistema para exercicios posteriores, agás que o interesado así o manifeste.

8. Calquera modificación na conta de domiciliación deberá de comunicarse con 15 días de antelación ás datas establecidas para o cobro de cada cota. No suposto de que se presente despois das datas indicadas, as modificacións terán efecto para a fracción seguinte.

9. Cando o sistema especial de pago remate anticipadamente sen que o importe abonado permita cancelar o importe das débedas incluídas no sistema, o Concello aplicará os cobros realizados a débeda máis antiga, e se as débedas tiveran a mesma antigüidade a administración tributaria municipal poderá aplicalas do xeito que estime máis conveniente. A antigüidade determinarase de acordo coa data en que cada unha fose esixible.

B.- Inclusión de disposición transitoria para regular a situación xurídica dos contribuíntes acollidos ao sistema especial de pago antes da entrada en vigor da modificación do artigo 26:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os obrigados ao pago que á data de entrada desta modificación figuren de alta no sistema especial de pago permanecerán de alta neste sistema na modalidade de tres cotas para o pagamento do imposto sobre bens inmobles nos termos recollidos no artigo 26 desta ordenanza.

C.- Modificación da clasificación de determinadas vías incluídas no Anexo de clasificación das vías públicas da ordenanza, para incluír no trameiro as modificacións ás que fai referencia o artigo 16.2, e que se derivan das incidencias xurdidas desde a última modificación do mesmo. As modificacións son as seguintes:

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
4565	LG	ABETOS (OS)	1	19	U00	Z-5
80	LG	ALBUDIÑO	0	26	U00	Z-5
5191	PRAZA	ALCALDE MARCIAL CASTRO GUERRA (DO)	0	0	R45	Z-5
237	AVDA	ANTONIO FRAGUAS (DE)	5	9	R35	Z-3

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
5193	RUA	ASPAS (DE)	0	0	R45	Z-5
5193	RUA	ASPAS (DE)	1	13	R45	Z-5
5246	RUA	AVELINO POUSA ANTELO (DE)	0	6	R51	Z-5
305	RUA	AVIO DE ABAIXO (DO)	12	12	R51	Z-5
4506	RUA	BALEIXAS (DAS)	3	59	U00	Z-5
420	LG	BENAVENTE	1	23	U00	Z-5
530	AVDA	BURGO DAS NACIONS (DO)	1	3	R45	Z-5
645	RUA	CANCELAS (DAS)	0	100	R51	Z-5
665	RUA	CANTALETA (DA)	2C	2E	R45	Z-5
4558	LG	CAÑOTEIRA DE MARROZOS (DA)	0	48	U00	Z-5
730	RUA	CARBALLEIRA (DA)	2	16B	U00	Z-5
855	RUA	CASAS DO AGRO (DAS)	10	24	R54	Z-5
860	LG	CASAS DO REGO (AS)	0	5	R54	Z-5
890	LG	CASTIÑEIRA PEQUENA (A)	1	19	U00	Z-5
910	LG	CASTRO DE BANDO (O)	18	76	U00	Z-5
910	LG	CASTRO DE BANDO (O)	1	77	U00	Z-5
1000	RUA	CHOUCHIÑOS (DOS)	11	35	R54	Z-5
1040	LG	CODESEDAS	1	55	U00	Z-5
5192	RUA	CONCHA CASTROVIEJO (DE)	0	0	R45	Z-5
1255	RUA	CRUCEIRO DE SAR (DO)	0	86	R54	Z-5
1490	RUA	ESCURRIDIA (DA)	0	12	R54	Z-5
1490	RUA	ESCURRIDIA (DA)	1	19	R54	Z-5
4581	RUA	ESQUIO (DO)	1A	19	Z00	Z-5
1630	RUA	FONTE SEQUELO (DA)	1	1	R31	Z-2
4568	LG	FORTE (O)	1	29	U00	Z-5
4691	RUA	FOXEIRA (DA)	0	34	U00	Z-5
1730	LG	FRADES	0	42	U00	Z-5
1987	RUA	JENARO DE LA FUENTE DOMINGUEZ (DE)	3	3	R45	Z-4
1987	RUA	JENARO DE LA FUENTE DOMINGUEZ (DE)	2	6	R45	Z-4
2020	RUA	LAMAS DE AMIO (DAS)	0	6	R54	Z-5
2085	RUA	LIMPADOIRO (DO)	13	29	Z00	Z-5
2110	LG	LOBRA	1	21	U00	Z-5
2110	LG	LOBRA	0	22	U00	Z-5
2117	RUA	LOPE GOMEZ DE MARZOA (DE)	4	8	R45	Z-4
5184	RUA	MANUEL BEIRAS (DE)	2	28B	R35	Z-3
2175	VIA	MARCONI (DE)	1	17	R45	Z-3
5222	RUA	MARIA CASARES (DE)	3	13	R51	Z-5
2185	LG	MARMANCOU	3	21	U00	Z-5
2185	LG	MARMANCOU	0	26	U00	Z-5
5223	RUA	MARUXA MALLO (DE)	1	7	R51	Z-4
2290	RUA	MONTE DO SEIXO (DO)	1	21	R51	Z-4
5215	AVDA	MONTEVIDEO (DE)	0	26	R51	Z-5
2370	RUA	MUNIN (DE)	10	36	U00	Z-5
2385	LG	NEIRO DE ABAIXO	9	23	U00	Z-5
2425	RUA	NOVA DE ABAIXO	2	36	R31	Z-2
2435	AVDA	NOVOA SANTOS (DE)	3	7	R45	Z-4
5292	RUA	OBRADOIRO CAB (DO)	1	1B	R54	Z-5
4557	LG	OUTEIRO DE MARROZOS (O)	0	24	U00	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
4570	RUA	PAZOS (DOS)	1	21	U00	Z-5
2615	LG	PEDRIDO	2	50	U00	Z-5
2705	RUELA	PESO (DO)	1	1	R24	Z-1
2770	LG	PIÑEIRO DE VILLESTRO	0	66	U00	Z-5
2805	LG	POLVEIRA (A)	0	32	U00	Z-5
2820	RUA	PONTE DA ASEN (DA)	11	21	R51	Z-5
2860	TRVA	PONTE DO VISO (DA)	2	2	R54	Z-5
2860	TRVA	PONTE DO VISO (DA)	3	3	R54	Z-5
2980	LG	POUSADA DE BANDO	1	19	U00	Z-5
3125	LG	RAMIL	0	16	U00	Z-5
3125	LG	RAMIL	1	17	U00	Z-5
4440	PRAZA	ROXA	0	8	R24	Z-1
3760	LG	SIONLLA DE ABAIXO (A)	0	42	U00	Z-5
3815	LG	SUSANA (A)	0	32	U00	Z-5
4584	TRVA	SUSANA (DA)	2	26	U00	Z-5
3830	RUA	TAMBRE (DO)	177	207	R45	Z-5
3860	LG	TORRE DA ENFESTA (A)	0	26	U00	Z-5
3880	CZADA	TORRENTE (DE)	1A	13	R54	Z-5
4230	LG	VILAR DE OUTEIRO	0	40	U00	Z-5
4275	LG	VILAS	0	16	U00	Z-5
4295	LG	VINTECATRO (O)	0	40	U00	Z-5
4295	LG	VINTECATRO (O)	0	42	U00	Z-5
4445	LG	XULACASA	1	37	U00	Z-5"

Á presente proposta presentou emenda o grupo municipal do BNG de modificación do terceiro parágrafo do artigo 26.5, e posteriormente o grupo municipal do PSdeG-PSOE presentou transaccional a emenda do BNG, sendo aceptada polo BNG.

A transaccional do PSdeG-PSOE, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte emenda de transacción á emenda presentada polo grupo municipal do BNG sobre a modificación da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección de tributos e doutros ingresos de dereito público engadindo un último parágrafo (excluído das modificacións á ordenanza) na proposta co seguinte texto:

“O goberno municipal tomará as medidas oportunas para dotarse dos medios tecnolóxicos, materiais e humanos, que permitan comunicar á persoa solicitante a súa inclusión e/ou exclusión do sistema especial de pago; e cando dispoña dos medios modificará o terceiro parágrafo do artigo 26.5 de maneira que fique redactado do seguinte xeito: “De non se cumprir os requisitos establecidos, a administración tributaria municipal comunicará á persoa solicitante a non inclusión no sistema especial de pago ou a exclusión no caso de que estivera incluído con anterioridade.”

Sometida a votación a emenda transaccional, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (10 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 5 CA), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, polo que queda aprobada a mesma.

Xa que logo, á vista da proposta da concelleira delegada da área de economía e facenda, do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión extraordinaria do pasado día 22, e unha vez aprobada a emenda transaccional o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e de Compostela Aberta (8 PP e 5 CA), acorda:

1.- Aprobación das seguintes modificacións da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público para a súa entrada en vigor ao día seguinte da publicación do acordo do Pleno de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña:

A.- Modificación do artigo 26, que queda redactado do seguinte modo:

Artigo 26. Sistema especial de pago (S.E.P.): Plan de pago personalizado.

1. Os obrigados ao pago que así o soliciten poderán acollerse ao plan de pago personalizado e pagar de forma fraccionada e mediante domiciliación bancaria as débedas polos tributos de vencemento periódico e notificación colectiva que se relacionan no apartado 2 deste artigo, devindicadas o 1 de xaneiro ou o primeiro día do período impositivo do exercicio, sen que lles sexa esixible o pago de xuros de mora nin a prestación de garantías.

2. Os obrigados ao pago poderán acollerse ao plan de pago personalizado para todos ou algún dos seguintes tributos:

- a) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- b) Imposto sobre bens inmoables.
- c) Imposto sobre actividades económicas.
- d) Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público para paso de vehículos a través de beirarrúas ou calzadas, e para reserva da vía pública para aparcamento exclusivo.
- e) Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

3. O plan de pago personalizado permitirá distribuír os pagamentos ao longo do ano en tres, cinco ou nove cotas, a elección do solicitante cando se adhira ao sistema.

O obrigado ao pago aboará mediante domiciliación as cotas tributarias fraccionadas nas seguintes datas, dependendo do número de prazos aos que se adhira:

- a. Tres cotas: Primeiro prazo 5 de xullo; segundo prazo 5 de setembro; terceiro prazo 5 de novembro
- b. Cinco cotas: Primeiro prazo 5 de marzo; segundo prazo 5 de maio; terceiro prazo 5 de xullo; cuarto prazo 5 de setembro; quinto prazo 5 de novembro
- c. Nove cotas: Primeiro prazo 5 de marzo; segundo prazo 5 de abril; terceiro prazo 5 de maio; cuarto prazo 5 de xuño; quinto prazo 5 de xullo; sexto prazo 5 de agosto; sétimo prazo 5 de setembro; oitavo prazo 5 de outubro; noveno prazo 5 de novembro

O importe de cada cota será o resultado de dividir o importe dos recibos polo número de fraccións. O importe mínimo de cada cota para a emisión de recibos fraccionados será de 10 euros. No suposto de que o número de cotas ao que se adhire o obrigado ao pago supoña a emisión de cotas de importe inferior ao mínimo establecido, o Concello reducirá o número de prazos para manter a adhesión ao sistema especial de pago. Se non fora posible, non incluírá ou excluírá ao obrigado ao pago deste sistema.

O importe da débeda a fraccionar será a que corresponde co importe dos últimos recibos aprobados no momento de emitir a primeira cota. Regularizarase o importe das cotas sucesivas en función do importe dos recibos aprobados ao longo do exercicio.

4. Para acceder a esta modalidade de pago, os obrigados ao pago deberán cumprir os requisitos que de seguido se recollen:

- a) Non ter ningunha débeda en vía executiva co Concello á data límite de notificación formal ao Concello da adhesión ao sistema que se recolle na letra c) deste parágrafo.
- b) Domiciliar os seus recibos en calquera entidade financeira.
- c) Notificar formalmente á Administración tributaria municipal a adhesión a este sistema antes do día 1 de febreiro do exercicio no que se pretende a súa aplicación.
- d) Incluír todos os seus recibos dos tipos de ingreso que se acollen a este sistema.

5. A adhesión ao sistema especial de pagos será efectiva desde o mesmo día da solicitude sempre que se cumpran todos os requisitos establecidos no parágrafo anterior.

No suposto de que a solicitude se presente despois da data indicada, a adhesión terá efectos tributarios no exercicio seguinte.

De non se cumprir os requisitos establecidos a administración tributaria municipal non incluírá ao solicitante no sistema especial de pago ou o cancelará a no caso de que estivera incluído con anterioridade.

Unha vez incluídos os recibos neste sistema de pago entenderase prorrogado tacitamente agás renuncia expresa presentada antes do día 1 de febreiro do exercicio no que se pretende a cancelación da adhesión, ou incumprimento de calquera dos prazos.

6. Cando por causas imputables ao obrigado ao pago a débeda non se faga efectiva no seu vencemento, isto é cando non se pague calquera dos prazos, perderase de maneira automática o dereito a beneficiarse deste sistema de pago, pasando a rexerse polo sistema xeral e, polo tanto:

- a) se o período voluntario de ingreso non tivera finalizado, terase que proceder ao pago integro das débedas dentro do período voluntario de ingreso establecido para os tributos ou ingresos de dereito público;
- b) se o período voluntario de ingreso tivera finalizado, iniciárase a vía de constrinximento polas contías pendente de pago.

7. Se o obrigado ao pago decidira adiantar o pago de calquera das cotas á data de vencemento sinalada, deberá abonar o importe total do recibo para o que terá que dirixirse a administración tributaria municipal que lle entregará o documento de pago sen que isto supoña a perda do sistema para exercicios posteriores, agás que o

interesado así o manifeste.

8. Calquera modificación na conta de domiciliación deberá de comunicarse con 15 días de antelación ás datas establecidas para o cobro de cada cota. No suposto de que se presente despois das datas indicadas, as modificacións terán efecto para a fracción seguinte.

9. Cando o sistema especial de pago remate anticipadamente sen que o importe abonado permita cancelar o importe das débedas incluídas no sistema, o Concello aplicará os cobros realizados a débeda máis antiga, e se as débedas tiveran a mesma antigüidade a administración tributaria municipal poderá aplicalas do xeito que estime máis conveniente. A antigüidade determinarase de acordo coa data en que cada unha fose esixible.

B.- Inclusión de disposición transitoria para regular a situación xurídica dos contribuíntes acollidos ao sistema especial de pago antes da entrada en vigor da modificación do artigo 26:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os obrigados ao pago que á data de entrada desta modificación figuren de alta no sistema especial de pago permanecerán de alta neste sistema na modalidade de tres cotas para o pagamento do imposto sobre bens inmoables nos termos recollidos no artigo 26 desta ordenanza.

C.- Modificación da clasificación de determinadas vías incluídas no Anexo de clasificación das vías públicas da ordenanza, para incluír no trameiro as modificacións ás que fai referencia o artigo 16.2, e que se derivan das incidencias xurdidas desde a última modificación do mesmo. As modificacións son as seguintes:

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
4565	LG	ABETOS (OS)	1	19	U00	Z-5
80	LG	ALBUDIÑO	0	26	U00	Z-5
5191	PRAZA	ALCALDE MARCIAL CASTRO GUERRA (DO)	0	0	R45	Z-5
237	AVDA	ANTONIO FRAGUAS (DE)	5	9	R35	Z-3
5193	RUA	ASPAS (DE)	0	0	R45	Z-5
5193	RUA	ASPAS (DE)	1	13	R45	Z-5
5246	RUA	AVELINO POUSA ANTELO (DE)	0	6	R51	Z-5
305	RUA	AVIO DE ABAIXO (DO)	12	12	R51	Z-5
4506	RUA	BALEIXAS (DAS)	3	59	U00	Z-5
420	LG	BENAVENTE	1	23	U00	Z-5
530	AVDA	BURGO DAS NACIONS (DO)	1	3	R45	Z-5
645	RUA	CANCELAS (DAS)	0	100	R51	Z-5
665	RUA	CANTAleta (DA)	2C	2E	R45	Z-5
4558	LG	CAÑOTEIRA DE MARROZOS (DA)	0	48	U00	Z-5
730	RUA	CARBALLEIRA (DA)	2	16B	U00	Z-5
855	RUA	CASAS DO AGRO (DAS)	10	24	R54	Z-5
860	LG	CASAS DO REGO (AS)	0	5	R54	Z-5
890	LG	CASTIÑEIRA PEQUENA (A)	1	19	U00	Z-5
910	LG	CASTRO DE BANDO (O)	18	76	U00	Z-5
910	LG	CASTRO DE BANDO (O)	1	77	U00	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
1000	RUA	CHOUCHIÑOS (DOS)	11	35	R54	Z-5
1040	LG	CODESEDAS	1	55	U00	Z-5
5192	RUA	CONCHA CASTROVIEJO (DE)	0	0	R45	Z-5
1255	RUA	CRUCEIRO DE SAR (DO)	0	86	R54	Z-5
1490	RUA	ESCURRIDIA (DA)	0	12	R54	Z-5
1490	RUA	ESCURRIDIA (DA)	1	19	R54	Z-5
4581	RUA	ESQUIO (DO)	1A	19	Z00	Z-5
1630	RUA	FONTE SEQUELO (DA)	1	1	R31	Z-2
4568	LG	FORTE (O)	1	29	U00	Z-5
4691	RUA	FOXEIRA (DA)	0	34	U00	Z-5
1730	LG	FRADES	0	42	U00	Z-5
1987	RUA	JENARO DE LA FUENTE DOMINGUEZ (DE)	3	3	R45	Z-4
1987	RUA	JENARO DE LA FUENTE DOMINGUEZ (DE)	2	6	R45	Z-4
2020	RUA	LAMAS DE AMIO (DAS)	0	6	R54	Z-5
2085	RUA	LIMPADOIRO (DO)	13	29	Z00	Z-5
2110	LG	LOBRA	1	21	U00	Z-5
2110	LG	LOBRA	0	22	U00	Z-5
2117	RUA	LOPE GOMEZ DE MARZOA (DE)	4	8	R45	Z-4
5184	RUA	MANUEL BEIRAS (DE)	2	28B	R35	Z-3
2175	VIA	MARCONI (DE)	1	17	R45	Z-3
5222	RUA	MARIA CASARES (DE)	3	13	R51	Z-5
2185	LG	MARMANCOU	3	21	U00	Z-5
2185	LG	MARMANCOU	0	26	U00	Z-5
5223	RUA	MARUXA MALLO (DE)	1	7	R51	Z-4
2290	RUA	MONTE DO SEIXO (DO)	1	21	R51	Z-4
5215	AVDA	MONTEVIDEO (DE)	0	26	R51	Z-5
2370	RUA	MUNIN (DE)	10	36	U00	Z-5
2385	LG	NEIRO DE ABAIXO	9	23	U00	Z-5
2425	RUA	NOVA DE ABAIXO	2	36	R31	Z-2
2435	AVDA	NOVOA SANTOS (DE)	3	7	R45	Z-4
5292	RUA	OBRADOIRO CAB (DO)	1	1B	R54	Z-5
4557	LG	OUTEIRO DE MARROZOS (O)	0	24	U00	Z-5
4570	RUA	PAZOS (DOS)	1	21	U00	Z-5
2615	LG	PEDRIDO	2	50	U00	Z-5
2705	RUELA	PESO (DO)	1	1	R24	Z-1
2770	LG	PIÑEIRO DE VILLESTRO	0	66	U00	Z-5
2805	LG	POLVEIRA (A)	0	32	U00	Z-5
2820	RUA	PONTE DA ASEN (DA)	11	21	R51	Z-5
2860	TRVA	PONTE DO VISO (DA)	2	2	R54	Z-5
2860	TRVA	PONTE DO VISO (DA)	3	3	R54	Z-5
2980	LG	POUSADA DE BANDO	1	19	U00	Z-5
3125	LG	RAMIL	0	16	U00	Z-5
3125	LG	RAMIL	1	17	U00	Z-5
4440	PRAZA	ROXA	0	8	R24	Z-1
3760	LG	SIONLLA DE ABAIXO (A)	0	42	U00	Z-5
3815	LG	SUSANA (A)	0	32	U00	Z-5
4584	TRVA	SUSANA (DA)	2	26	U00	Z-5
3830	RUA	TAMBRE (DO)	177	207	R45	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
3860	LG	TORRE DA ENFESTA (A)	0	26	U00	Z-5
3880	CZADA	TORRENTE (DE)	1A	13	R54	Z-5
4230	LG	VILAR DE OUTEIRO	0	40	U00	Z-5
4275	LG	VILAS	0	16	U00	Z-5
4295	LG	VINTECATRO (O)	0	40	U00	Z-5
4295	LG	VINTECATRO (O)	0	42	U00	Z-5
4445	LG	XULACASA	1	37	U00	Z-5

2.- O goberno municipal tomará as medidas oportunas para dotarse dos medios tecnolóxicos, materiais e humanos, que permitan comunicar á persoa solicitante a súa inclusión e/ou exclusión do sistema especial de pago; e cando dispoña dos medios modificará o terceiro parágrafo do artigo 26.5 de maneira que fiquen redactado do seguinte xeito:

“De non se cumprir os requisitos establecidos, a administración tributaria municipal comunicará á persoa solicitante a non inclusión no sistema especial de pago ou a exclusión no caso de que estivera incluído con anterioridade.”

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A MÁXIMA AXILIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS.

Foi presentada con data 11 de novembro do corrente ano, a proposición que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU), limpeza viaria, explotación de puntos limpos e mantemento de colectores e papeleiras estase a prestar sen soporte contractual desde o pasado mes de abril de 2020, despois de esgotarse o prazo inicial de dez anos acordado en 2005 e o máximo de cinco prórrogas anuais que contemplaba o prego de condicións.

A demora na adxudicación dun novo contrato desde o vencemento do prazo inicial en 2015 fixo que a prestación do servizo se fose resentindo polo paso do tempo como consecuencia do desgaste dos distintos equipamentos e materiais que evidentemente foron perdendo boa parte das óptimas condicións coas que se iniciara a prestación do servizo. A esa paulatina decadencia das condicións iniciais de equipamentos e materiais, veuse a sumar o crecemento das necesidades derivadas, entre outros motivos, da creación ou ampliación de novas unidades residenciais, ou o incremento de actividades especialmente hostaleiras.

A decadencia e o deterioro deste servizo está a rexistrar un crecemento moito máis marcado desde abril de 2020, ao permanecer a mesma empresa que fora concesionaria prestando un servizo que carece xa do respaldo dun contrato, o que -cando menos- dificulta calquera iniciativa do Concello á hora de esixir o cumprimento das obrigas. Unha circunstancia que non debería obstar para que o Goberno local apure as esixencias das obrigas, seguindo unha recente sentenza que pon de

manifesto que a prestación dun servizo mediante unha orde de continuidade non recorrida pola empresa supón a obriga de realizar esa prestación nas mesmas condicións que se recollen nos pregos que serviron no seu momento para a adxudicación.

A realidade do deterioro actual estase a reflectir en evidentes síntomas nos últimos meses e semanas, con cantidade de colectores estragados; vehículos avariados; lixo acumulado nas rúas; falta de limpeza dos colectores; incumprimento das frecuencias de recollida, especialmente no rural...

Resulta patente a tardanza na tramitación do procedemento de licitación e adxudicación deste servizo desde que se esgotou o contrato e as prórrogas legalmente previstas hai máis dun ano e medio:

-Os pregos para a licitación rematáronse en novembro de 2020, sete mes despois de vencer o contrato en abril de 2020 (cando as previsións do Goberno eran licitar xa en xullo de 2020).

-A licitación iniciouse un ano despois do vencemento do contrato, en abril de 2021.

-Desde que se presentaron as ofertas levan xa transcorridos máis de 5 meses, incumprindo claramente os prazos recollidos no prego administrativo que sinala un prazo de 20 días para a avaliación dos sobres nº 2 que conteñen os criterios técnicos (que foron abertos o 10 de xuño), sen que ata o de agora se teña rematado esta fase.

-E aínda queda pendente a apertura das ofertas económicas (sobre nº 3), momento desde o que o prego permite un prazo máximo de 3 meses, que podería ser ampliado co outros 40 días para posibles xustificacións e para proceder á definitiva formalización do contrato.

Polo tanto, a demora xa acumulada no procedemento de adxudicación e as posibilidades de que esta poida chegar ata a primavera do ano próximo, fan que aínda se poida seguir deteriorando cada vez máis a correcta prestación dun servizo esencial para o conxunto da veciñanza. Unha situación que pode ter graves consecuencias para a imaxe da cidade, a calidade ambiental e mesmo para a saúde do conxunto da veciñanza.

Por iso, presentamos a proposta do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a:

1. Que impulse a maior axilidade posible na valoración, adxudicación e entrada en servizo do novo contrato para a xestión do servizo de recollida de residuos domésticos e limpeza viaria no Concello de Santiago de Compostela, que foi licitado en abril de 2021 e cuxo prazo para a recepción de ofertas rematou o pasado 31 de maio de 2021, velando para que desde o primeiro momento se cumpran todas as previsións establecidas nos correspondentes pregos de prescricións.

2. Que apure as posibilidades de esixirlle á empresa que está a prestar o servizo en precario que este se realice nas mellores condicións posibles, conforme aos requirimentos recollidos no prego que viña rexendo a concesión."

Rematado o debate que se fixo conxuntamente coas mocións núms. 3 e 5, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Que impulse a maior axilidade posible na valoración, adxudicación e entrada en servizo do novo contrato para a xestión do servizo de recollida de residuos domésticos e limpeza viaria no Concello de Santiago de Compostela, que foi licitado en abril de 2021 e cuxo prazo para a recepción de ofertas rematou o pasado 31 de maio de 2021, velando para que desde o primeiro momento se cumpran todas as previsións establecidas nos correspondentes pregos de prescricións.

2. Que apure as posibilidades de esixirle á empresa que está a prestar o servizo en precario que este se realice nas mellores condicións posibles, conforme aos requirimentos recollidos no prego que viña rexendo a concesión.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA SOBRE A HABILITACIÓN DUNHA TAXA TURÍSTICA EN SANTIAGO PARA A GOBERNANZA DO TURISMO.

Con data 15 de novembro de 2021, foi presentada a seguinte proposición:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo impulsar a habilitación dunha taxa turística en Santiago de Compostela así como a aplicación dun gravame para as persoas excursionistas e cruceiristas que chegan á nosa cidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No verán do ano 2019, previo á pandemia, na nosa cidade xa se deron varios síntomas que puxeron de relevancia que a gobernanza do turismo era xa daquela unha das “cuestións que debíamos afrontar con urxencia en Santiago. Naquel momento estabamos ás portas dun Xacobeo 2021 que se prevía multitudinario e que tamén facía que nos previsemos o peor. Neste contexto, o grupo municipal de Compostela Aberta, na sesión ordinaria de setembro de 2019, presentou unha iniciativa ao Pleno da Corporación na que propuña acordar o seguinte:

1. Instar á Xunta de Galicia á implantación da taxa turística, atendendo ás consideracións establecidas no Plan Estratéxico de Turismo de Santiago ao respecto de establecer o gravame en función da categoría dos establecementos e de aplicar diferentes exencións na taxa.

2. Solicitar ao órgano municipal competente a presentación dunha proposta para a aplicación dun gravame para as persoas excursionistas e cruceiristas, tomando como base o Plan Estratéxico de Turismo de Santiago, destinando o recadado a políticas de turismo sustentable.

3. Urxir a coordinación entre Xunta de Galicia e Concello de Santiago para implementar políticas públicas efectivas para a xestión da mobilidade e dos fluxos de visitantes co obxectivo de prever e combater os riscos de saturación e concentración

excesivas de turistas e excursionistas.

4. Impulsar desde o Consello Municipal de Turismo un Foro de debate e reflexión, aberto á cidadanía, sobre a gobernanza do turismo na nosa cidade, fomentando a participación da veciñanza e do tecido asociativo afectado.

Todas estas propostas foron rexeitadas polo grupo municipal do PSOE, pero, coa abstención do Partido Popular, foron aprobadas polo Pleno Municipal.

Nos meses a seguir chegou a pandemia do coronavirus e ata este verán de 2021 a actividade turística non conseguiu recuperar unha certa normalidade. Esta é unha actividade necesaria e que pode ser de gran axuda na recuperación económica de Santiago, pero tamén é certo que a súa recuperación e o regreso do Turismo está a realizarse sen control, e mostrando a súa face máis depredadora e agresiva co conxunto da cidadanía de Santiago, especialmente coas escasas persoas que aínda son veciñas e moradoras da cidade histórica.

Neste sentido, cada vez son máis as voces de alarma que piden novas políticas turísticas para recuperar o control sobre este sector, a gobernanza do turismo é iso precisamente, significa implementar e impulsar políticas públicas en materia de turismo e xestión da cidade. Tamén desde a perspectiva impositiva, para que exista unha redistribución fiscal e que non sexa na cidadanía compostelá en quen recaia a maior parte da presión fiscal derivada do incremento do gasto corrente municipal por causa do constante fluxo de turistas e visitantes.

A pesar do rexeitamento do PSOE das propostas do grupo municipal de Compostela Aberta no Pleno para a gobernanza do Turismo, na sesión plenaria ordinaria do pasado mes de outubro, a concelleira de Facenda, Marta Abal, no contexto dun debate sobre os recursos económicos dispoñibles para sufragar o gasto corrente municipal, manifestaba o seguinte, despois de referirse á merma das partidas da capitalidade por parte da Xunta:

“E a análise en profundidade de novas fontes de financiamento, estritamente vinculadas ao turismo, sobre todo estoume a referir á taxa turística, un imposto amplamente estendido na meirande parte dos países da Unión Europea e que no noso país só se aplica en Baleares e en Barcelona, pero obviamente, estas novas fontes de ingresos requiren unha habilitación legal ao respecto, polo que señores voceiros, e concelleiros, do Partido Popular sigan o exemplo de Baleares e Cataluña e habiliten a posibilidade para que o Concello de Santiago de Compostela poida aplicar a taxa turística.”

Opinión que foi reforzada e confirmada polo propio concelleiro de Turismo, Gumersindo Guinarte, só uns días despois na tertulia radiofónica semanal de Onda Cero, o día dous de novembro, manifestando que:

“Non é posible unha taxa turística se non hai habilitación legal, e a habilitación legal ten que facela ou o goberno do Estado ou o Parlamento galego, eu estou a favor [da taxa turística] e téñoa dito moitas veces, terá que ser unha lei do Parlamento de Galicia a que aprobe iso, de feito xa estabamos traballando niso antes da pandemia en incrementar a taxa que pagan os autobuses dos excursionistas que é un ámbito no que si podemos incidir directamente.”

As posicións manifestadas pola concelleira de Facenda e polo edil de Turismo van,

ademais, na liña do recomendado nos estudos sobre turismo que encargou o actual Goberno no que levamos de mandato. Así, o informe “Modelo de gobernanza e xestión do turismo en Santiago”, elaborado pola empresa Verne en setembro de 2020, apunta que “existe un problema xeral de financiamento nos municipios turísticos, polo que é necesario reflexionar sobre cuestións como a aplicación de taxas turísticas”. O mesmo estudo apunta á necesidade de definir un novo plan de negocio para Turismo de Santiago, e cita a taxa turística como unha das ferramentas para ampliar as súas fontes de financiamento.

Parece, entón, que chegou a hora de que o Concello de Santiago sexa proactivo e abandone a autocompracencia das elevadas cifras de visitantes, comece a traballar en abordar medidas para a xestión dos fluxos turísticos que impidan a masificación e a turistificación de Santiago, e evitar así, as consecuencias negativas tanto na convivencia entre turistas e veciñanza como no propio atractivo de Compostela como destino. Unhas medidas, das que a taxa turística sería unha máis e non a única.

Sobre esta proposta, hai xa catro anos, en outubro de 2017, o recentemente falecido catedrático de Economía Aplicada da USC, Luís Caramés, presentou no Concello de Santiago un estudo sobre a implantación da taxa turística concluíndo que esta “sería unha medida apropiada, sempre que se faga dunha maneira proporcionada, tendo en conta as diferentes temporadas e tipos de aloxamento e utilizando ademais tipos moderados”. Tamén apuntaba o necesario diálogo previo co sector, diálogo que se efectivizou no proceso de elaboración do Plan Estratéxico do Turismo.

Neste documento, presentado en febreiro de 2018, afóndase na proposta para aplicar esta taxa “sobre os establecementos de aloxamento, para as persoas viaxeiras que fan durmidas na cidade, pero tamén sobre as persoas excursionistas, aqueles turistas que pasan menos de 24 horas no destino”. No caso dos excursionistas, o Plan Estratéxico falaba dunha contía de 0,40 € por persoa, e dunha recadación anual estimada en 450.000 €, e sinalaba como actuación a impulsar “a mellora do funcionamento da dársena de Xoán XXIII e a aplicación da taxa aos autobuses atendendo a unha mellor regulación e non duplicidade do cobro”.

Tal e como era sabido tanto en setembro do 2019 como agora -máis de dous anos despois-, a implantación da taxa turística sobre os aloxamentos é unha competencia da administración autonómica, e podería formularse como un imposto que aposte por un turismo sustentable, tal e como acontece coa Ecotaxa das Illas Baleares. Diñeiro recadado entre os visitantes e que axuda ao coidado e sustentabilidade dos destinos turísticos, como un dos diferentes mecanismos que se debe por en funcionamento para garantir o equilibrio, gobernanza e control do Turismo.

Por todo isto, e tendo en conta que é un problema que é urxente abordar canto antes, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia á impulsar a habilitación dunha taxa turística, atendendo ás consideracións establecidas no Plan Estratéxico de Turismo de Santiago ao respecto de establecer o gravame en función da categoría dos establecementos e de aplicar diferentes exencións na taxa.
2. Dar conta e trasladar este debate así como o acordo anterior a todos os grupos con

representación no Parlamento de Galicia

3. Urxir ao órgano municipal competente a presentar unha proposta para a aplicación dun gravame para as persoas excursionistas e cruceiristas, tomando como base o Plan Estratéxico de Turismo de Santiago, destinando o recadado a políticas de turismo sustentable.”

Á presente proposición presentou emenda de substitución o grupo municipal do PSdeG-PSOE, de modificación dos seguintes puntos do acordo:

“1. Instar á Xunta de Galicia á creación e regulación dunha taxa sobre estancias turísticas que permitan gravar as estancias con ou sen pernoctación, que teña en conta as peculiaridades do turismo existente no Concello de Santiago de Compostela, e que achegue recursos aos concellos para favorecer un turismo sostible.

2. Dar conta é trasladar este debate, así como o acordo anterior a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia.”

Tras ser aceptada polo grupo municipal de Compostela Aberta a emenda de substitución do grupo municipal do grupo do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia á creación e regulación dunha taxa sobre estancias turísticas que permitan gravar as estancias con ou sen pernoctación, que teña en conta as peculiaridades do turismo existente no Concello de Santiago de Compostela, e que achegue recursos aos concellos para favorecer un turismo sostible.

2. Dar conta é trasladar este debate, así como o acordo anterior a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia.

3. Urxir ao órgano municipal competente a presentar unha proposta para a aplicación dun gravame para as persoas excursionistas e cruceiristas, tomando como base o Plan Estratéxico de Turismo de Santiago, destinando o recadado a políticas de turismo sustentable.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A COLOCACIÓN DE PANEIS DE ENERXÍA FOTOVOLTAICA NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Foi presentada a proposición do epígrafe con data 16 de novembro do corrente ano, que ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para realizar os estudos pertinentes para acollerse ás subvencións de colocación de paneis fotovoltaicos nas instalacións públicas municipais de cara a apostar polas enerxías renovábeis, a soberanía enerxética e o aforro na factura eléctrica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez son máis as administracións públicas que apostan pola promoción das

instalacións de autoconsumo con enerxía fotovoltaica, mesmo coa redacción de ordenanzas municipais que regulan os paneis solares e as bonificacións nas taxas fiscais. Nalgúns casos, estas regulamentacións afectan a incentivar este modelo de enerxía renovábel en todas as novas construcións destinadas a vivenda, centros industriais, oficinas e centros culturais, comerciais, deportivos e residenciais, mesmo para as obras de rehabilitación cando sexan superiores ao 50% da superficie.

As bonificacións a particulares no Imposto de Bens Inmóbles (IBI) oscilan entre o 15 e o 50% do custo do recibo duns concellos a outros, con duracións entre 1 e 30 anos. Segundo as accións publicadas no perfil Concello no Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, figura só a intención de bonificaren o Imposto de actividades económicas (IAE) para instalacións de autoconsumo, mais o consumo das vivendas e edificios residenciais representa tamén unha alta porcentaxe das emisións municipais de gases de efecto invernadoiro, e merece polo tanto atención específica.

Segundo datos da Xunta, as instalacións de autoconsumo eléctrico mediante paneis solares fotovoltaicos tiveron un crecemento interanual superior ao 250% en Galiza. En setembro de 2020 había 449 anotadas no rexistro da Xunta e na actualidade xa hai 1.616 instalacións con paneis fotovoltaicos.

O Ministerio de Transición Ecolóxica dispuxo dunha partida de 900 millóns de euros para todo o territorio español, dos que destina 400 ao sector residencial e ás administracións públicas, 300 á industria e ao sector agropecuario e 200 ao sector servizos. Estes programas de axudas estarán vixentes até o 31 de decembro do ano 2023. A figura de persoa consumidora activa é un dos elementos chave na regulación do Novo Pacto Verde da Unión Europea e a súa capacitación como produtora para o autoconsumo é esencial para aumentar a liberdade das persoas consumidoras fronte a grandes produtores. O Concello, no seu rol dual de consumidor e de Administración pública, debe desempeñar unha función exemplarizante na tarefa de descarbonizar a economía e avanzar na soberanía enerxética municipal e galega.

Tamén hai iniciativas de administracións que fan parte dun proxecto europeo, cofinanciado nun 80% polo Feder, para fomentar o tránsito cara a unha economía baixa en carbono coa diminución do consumo enerxético e as emisións de dióxido de carbono á atmosfera mediante a aposta polo uso de enerxías renovábeis.

Estes proxectos para o impulso da instalación de placas fotovoltaicas na contorna urbana enmárcanse na loita contra o cambio climático, coa idea de incrementar a soberanía enerxética con métodos para implicar o mínimo consumo e a xeración eléctrica o máis próximo posíbel do propio territorio.

Este sistema pode axudar os concellos a reducir a súa factura da luz e a dispor de instalacións máis eficientes que favorecen o aforro e un alto grao de autoabastecemento enerxético, co aproveitamento da enerxía solar, o que reporta un gran beneficio ambiental e social pola diminución de emisións contaminantes, tendo en conta que os edificios públicos xeralmente están equipados con teitos de gran superficie dos que se pode tirar este proveito e que poden servir de exemplo a seguir por parte de particulares e empresas.

Santiago de Compostela pode, así, estudar a disposición de paneis fotovoltaicos para o aproveitamento eléctrico mediante a enerxía solar nas propias instalacións municipais, colexios, centros deportivos, piscinas e centros socioculturais, entre outros, cun sistema monitorizado e interconectado cun posto central no propio

Concello. Con este sistema pódense evitar as emisións anuais de toneladas de CO₂ e de óxido de nitróxeno que contaminan a atmosfera, alén de aforrar grandes cantidades económicas na factura eléctrica municipal.

A instalación de paneis fotovoltaicos, como xa se demostrou noutros concellos, trátase dunha boa opción pola pouca complexidade técnica, cunha boa relación de rendibilidade en relación ao período de retorno do investimento e que goza dun marco xurídico favorábel, posto que a normativa actual se encamiña ao fomento do autoconsumo enerxético.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- O Concello de Santiago realizará os estudos e informes técnicos pertinentes para coñecer as posibilidades de colocar paneis fotovoltaicos nas instalacións públicas municipais de cara a apostar polas enerxías renovábeis, a soberanía enerxética e o aforro na factura eléctrica e, se for o caso, acollerse ás liñas de subvención existentes para desenvolver os proxectos que se xulgaren acaídos.

2.- O Concello de Santiago organizará unha xornada de divulgación do autoconsumo eléctrico para particulares e empresas, impartida por profesionais especializados que informen a persoas interesadas en realizaren instalacións en edificios residenciais, naves industriais ou explotacións agrarias.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda:

1.- O Concello de Santiago realizará os estudos e informes técnicos pertinentes para coñecer as posibilidades de colocar paneis fotovoltaicos nas instalacións públicas municipais de cara a apostar polas enerxías renovábeis, a soberanía enerxética e o aforro na factura eléctrica e, se for o caso, acollerse ás liñas de subvención existentes para desenvolver os proxectos que se xulgaren acaídos.

2.- O Concello de Santiago organizará unha xornada de divulgación do autoconsumo eléctrico para particulares e empresas, impartida por profesionais especializados que informen a persoas interesadas en realizaren instalacións en edificios residenciais, naves industriais ou explotacións agrarias.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONMEMORAR EN 2022 O BICENTENARIO DE ANTOLÍN FARALDO.

Foi presentada con data 16 de novembro do corrente ano, a seguinte proposición:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para que o Concello de Santiago conmemore en 2022 o bicentenario de Antolín Faraldo e lembre os Mártires de Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Antolín Faraldo naceu o 2 de setembro de 1882 en Betanzos e garda unha forte vinculación con Santiago de Compostela. Ademais de ser autor da proclama da Xunta provisional do Goberno de Galiza na Revolución Galega de 1846, que tivo como

escenario a cidade de Compostela, colaborou en xornais de recoñecida sona na época como “El Recreo Compostelano” e “La Situación de Galicia”, e logo foi director de “El Porvenir” e “La Europa”.

En 2022 cumpríranse 200 anos do nacemento de Antolín Faraldo, unha boa data para que o Concello de Santiago efectúe unha programación en que dea a coñecer que o Mosteiro de San Martiño Pinario serviu de escenario e de refuxio durante a Revolución Galega de 1846, así como dos relatos de Manuel Murguía e doutros historiadores que describiron esa contenda que transcorreu polas rúas e montes de Compostela. É preciso recuperar aqueles episodios da nosa historia que se produciron para falar de sentimento galeguista e para reivindicar a nosa memoria colectiva como pobo, desde Santiago e como capital de Galiza.

De feito, Antolín Faraldo pertence á primeira xeración de galeguistas que abrazaron a idea de concibir Galiza como un proxecto político e ese xermolo do que logo foi o Rexurdimento, as Irmandades da Fala, o Partido Galeguista e o nacionalismo galego contemporáneo.

Esta celebración do seu bicentenario é un bo momento para recoñecer que Santiago de Compostela foi o enclave da Xunta Superior do Reino de Galiza, en que se desenvolveu unha proclama contra os impostos, a centralización e os abusos do poder.

Xunto a iso, o 2022 pode servir para facer unha campaña de difusión de homenaxe aos Mártires de Carral, para coñecer a nosa propia historia, en colaboración coas asociacións veciñais e culturais de Santiago, que se dirixa tamén á mocidade e aos centros de ensino e, sobre todo, centrada no mes de setembro coincidindo co aniversario do nacemento de Antolín Faraldo.

Ademais, o Concello de Santiago pode aproveitar esta efeméride para instalar unha placa en homenaxe aos Mártires de Carral que recorde eses acontecementos da Revolución de 1846, pois é de xustiza que en Santiago de Compostela se coñezan eses episodios históricos que transcorreron en diversos puntos da propia cidade para crear ese sentimento colectivo de pertenza a un pobo diferenciado que daquela loitaba con esa expresión do Provincialismo de que Galiza é unha unidade enteira, mais que estaba a ser tratada como unha colonia pola Corte e que tiña que reivindicarse contra as discriminacións que padecía, como defendeu o propio Antolín Faraldo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago elaborará unha campaña de difusión, en colaboración coas asociacións veciñais e culturais de Santiago, que se dirixa tamén á mocidade e aos centros de ensino, para conmemorar en 2022 o bicentenario de Antolín Faraldo e para lembrar o significado dos Mártires de Carral e da Revolución Galega de 1846 coa súa vinculación con Compostela.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade acorda, que o concello de elabore unha campaña de difusión, en colaboración coas asociacións veciñais e culturais de Santiago, que se dirixa tamén á mocidade e aos centros de ensino, para conmemorar en 2022 o bicentenario de Antolín Faraldo e para lembrar o significado dos Mártires de Carral e da Revolución Galega de 1846 coa súa vinculación con

Compostela.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A TRAMITACIÓN DE LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS EN MATERIA DE URBANISMO.

A proposición presentada con data 16 de novembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos produciuse un cambio de paradigma na denominada actividade administrativa de ordenación das actividades dos particulares e, especialmente, dos emprendedores. Así, o control da Administración -respecto da conformidade dunha actividade privada co interese xeral- pasou, en termos xerais, de ser un control previo a ser un control posterior, arbitrándose neste sentido a técnica da comunicación previa.

Malia o cambio de paradigma, son moitas as actividades tramitadas a través deste procedemento que non acadan unha declaración favorable da Administración -expresa ou presunta- nun tempo razoable e que son contestadas con declaracións de ineficacia da referida comunicación previa, coa conseguinte carga de traballo para a propia Administración e co desalento e a incerteza para o administrado. E a maior abundamento, aínda a licenza -como técnica clásica de pronunciamento previo, necesitada de informes técnicos e xurídicos- pervive en determinados supostos sen ofrecer tampoco tempos de resposta razoables.

Esa ausencia de resposta favorable nun tempo razoable supón notables prexuízos ou perdas de oportunidade para os emprendedores e, en xeral, para aquelas persoas que aspiran a desenvolver unha obra ou unha actividade con certeza de facelo consonte a Lei e coa correspondente habilitación. Non poucos obstáculos ou retrasos son desesperantes e nalgúns casos chegan a supor un drama persoal. Unha situación que, en todo, caso vai máis alá do persoal e menoscaba a activade económica en prexuízo xeral.

Agora, coa recente aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, complétase o cambio de paradigma administrativo, favorecedor da iniciativa das persoas e especialmente dos emprendedores: así, as disposicións dos artigos 54 e 55 da referida Lei poden revelarse como unha terapia eficazísima para o patolóxico e proverbial atraso do Concello na súa obriga de conformar as expectativas de obras ou actividades privadas á Lei. Un atraso descoñecido nas súas globais dimensións por parte da opinión pública; e un atraso ocultado, toda vez que as preguntas formuladas en maio deste ano polo Grupo Popular, e adxuntadas como anexo a esta iniciativa, seguen sen responderse. E se grave sería que o departamento de Urbanismo non coñecese en todo momento o alcance do atraso, máis grave sería que o Goberno local o ocultase.

O novo cambio de paradigma aportado pola recente Lei do Parlamento de Galicia supón que unhas entidades profesionais debidamente acreditadas -e, para maior

garantía, suxeitas á esixencia de responsabilidades e, no seu caso, a sancións-colaborarían coa Administración en orde a certificar a conformidade coa legalidade urbanística e co planeamento urbanístico das “solicitudes de licenza e das comunicación que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo o do subsolo, para a implantación das iniciativas empresariais e para as actuacións de desenvolvemento de solo empresarial ou residencial”.

Non entanto, do Concello de Santiago depende que se tomen en consideración, cos efectos legais oportunos, as certificacións de conformidade emitidas por as referidas entidades colaboradoras. De facelo, boa parte das expectativas de obras e actividades hoxe retidas no Concello poderían quedar conformadas e liberadas.

O receo que pode implicar este novo sistema de conformidade coa legalidade urbanística, e incluso a perda do monopolio autorizador, non debe levar ao desprezo dunha posibilidade que non se basea na desregulación administrativa, unha posibilidade que acredita solvencia técnica e que non exclúe o control municipal; e mesmo o Concello, a través da oportuna modificación da Ordenanza municipal, podería asumir aínda que só fose parcialmente o amplo campo de posibilidades que ofrece o citado artigo 54.1 da referida Lei.

E por todo iso polo que o Grupo Municipal propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Transparentar a situación na que se atopan as solicitudes de licenza e as comunicación previas, consonte ao esquema proposto polo Grupo Popular na pregunta formulada o 11 de maio deste ano.
2. Dar os pasos necesarios para que as previsións do artigo 54 e 55 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, sexan efectivas no Concello de Santiago.
3. Elaborar un plan periódico de inspección das obras e actividades comunicadas.”

No transcurso do debate acórdase votación separada por puntos.

Xa que logo o Pleno da Corporación:

1.- Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de Compostela e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda, transparentar a situación na que se atopan as solicitudes de licenza e as comunicación previas, consonte ao esquema proposto polo Grupo Popular na pregunta formulada o 11 de maio deste ano.

2.- Por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda, dar os pasos necesarios para que as previsións do artigo 54 e 55 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación

administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, sexan efectivas no Concello de Santiago.

3.- Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de Compostela e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda, elaborar un plan periódico de inspección das obras e actividades comunicadas.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A PROTECCIÓN DO PEQUENO COMERCIO NA CIDADE VELLA.

Foi presentada con data 16 de novembro a proposición, que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura impulsar unha serie de medidas que fomenten a protección da cidade histórica de Santiago, do seu pequeno e tradicional comercio así como da vida, en xeral, na zona vella de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na sesión ordinaria de xaneiro de 2020, o Pleno do Concello de Santiago aprobou por unanimidade unha proposición, presentada inicialmente polo grupo municipal de Compostela Aberta, mais emendada e transaccionada polo resto dos grupos, que procuraba impulsar unha serie de medidas para fomentar a protección do pequeno comercio e do comercio tradicional na zona histórica. Finalmente, o acordo consensuado aparece recollido na acta da sesión, publicada na web municipal, do seguinte xeito:

Xa que logo, a vista das emendas presentadas e unha vez incorporadas ao acordo, o Pleno da Corporación por unanimidade de todos/as concelleiros e concelleiras, acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Estudar unha moratoria na abertura de tendas de souvenirs para turistas no ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica PE-1.
2. Iniciar a tramitación dunha Ordenanza reguladora para a protección do comercio tradicional e de proximidade da zona vella e de protección e conservación do abastecemento de proximidade, de acordo co “Plan estratéxico do comercio do Concello de Santiago de Compostela 2017-2021”, e trabar o impacto negativo das tendas de souvenirs a través da declaración de áreas saturadas deste tipo de comercios.
3. Impulsar un Plan de Dinamización do comercio na Cidade Vella de Santiago que favoreza o comercio local tradicional e de proximidade con medidas de discriminación positiva que o promovan e sirvan para a abertura de novos establecementos deste tipo.
4. Crear un Observatorio do Comercio do Concello de Santiago que permita un mellor coñecemento e acompañamento destes establecementos comerciais, de xeito rigoroso e sistemático favorecendo o deseño de políticas públicas futuras que garantan a súa preservación e diversidade.

No transcurso do debate, o alcalde, Xosé Sánchez Bugallo, referíndose á proposición de Compostela Aberta manifestou que “coincidimos plenamente coa súa filosofía”, asegurou que a compartía “ao 150%”, mais incidiu en que habería que buscar o “encaixe legal”, que podería ser a través da ampliación da “moratoria dos pisos turísticos e incorporar nesa normativa urbanística esta cuestión”.

Así, con este case inédito apoio no Pleno do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e grupo de goberno, a unha iniciativa que parte da oposición, parecía que se abría unha liña de traballo para tentar protexer, neste caso, o comercio da cidade vella, e polo tanto un patrimonio compostelán de enorme valor. Mais, transcorridos xa case dous anos, vemos que o Concello de Santiago nada ten avanzado nesta materia. E por se non fora suficientemente grave a parálise e falta de iniciativa do goberno local, a situación tense agravado, e moito, por causa do coronavirus.

Non hai máis que dar un paseo a pé pola zona vella compostelá para observar como a situación é límite, e como toda a diversidade comercial existente vai sucumbindo en forma de peches ou en transformacións deses establecementos en tendas de souvenirs. Un dos exemplos máis relevantes e recentes, e que ilustra perfectamente esta situación, é o peche do Café Derby, sobre o que se ten pronunciando mesmo a Asociación para a defensa do patrimonio cultural galego. Tal e como denuncia Apatrigal, este local emblemático carece da protección física das súas vidreiras, nin conta coa protección patrimonial de elementos de enorme valor como o mostrador-barra, o zócolo, as cantoneiras, ou toda a súa decoración. Do valor que atesoura o xa desaparecido Café Derby dá boa mostra a exposición que actualmente está instalada na Casa do Cabido, que reflicte o esplendor do local e tamén, por desgraza, a súa perda física e tamén inmaterial.

Coincidimos totalmente con APATRIGAL cando, no seu informe sobre o Derby, fala da transformación da nosa cidade sobre todo no relativo á transformación que está sufrindo Compostela ao abeiro da marca Xacobeo e da aposta exclusiva polo Camiño de Santiago. Unha estratexia que fixo que o fluxo de visitantes a Compostela se multiplicara exponencialmente, que mudara a proporción entre habitantes e visitantes da cidade histórica, e que os primeiros foran expulsados da zona vella. As consecuencias da masificación turística tamén se deixan notar no tecido comercial, con establecementos que perden a súa condición de históricos para seren destinados tan só aos visitantes. Con locais emblemáticos como o Derby, que perden a súa identidade para seren ocupados por franquicias que os modifican para adaptalos á súa imaxe corporativa ou que lles cambian o seu uso.

Estas novas dinámicas na zona vella de Santiago non viñeron acompañadas da modificación do Plan Especial de Protección da Cidade Histórica, sobre a que se traballou no pasado mandato mais que non chegou a efectivizarse pola falta de apoio dos entón grupos da oposición, por intereses claramente electoralistas. Si que quedou aprobado pola Xunta de Goberno o Plan de Xestión da Cidade Histórica, un documento equivalente a un Plan Estratéxico, e que abordaba a necesidade de manter a zona vella como unha cidade viva, de manter o seu potencial de acollida residencial, de recuperar as actividades comerciais e culturais propias, e por reorientar o modelo turístico. En definitiva, o Plan de Xestión ía máis alá da protección do patrimonio construído, para avanzar na protección do usos da cidade histórica a través, entre outras medidas, dun catálogo de locais e comercios tradicionais.

Por todo isto, e para establecer as medidas que favorezan a protección e revitalización

da vida na cidade vella de Santiago, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao goberno local a:

1. Urxentemente, cumprir os acordos consensuados e aprobados por unanimidade posteriormente ao debate da proposición do grupo municipal de Compostela Aberta para a protección do pequeno comercio na Cidade Vella de Santiago, en xaneiro do 2020.
2. Atender á solicitude de Apatrigal sobre a demanda da modificación puntual da ficha 410716 para ampliar a protección patrimonial do Café Derby; así como decretar unha orde de execución inmediata para a protección da vidreiras do local, ao amparo da Lei do Solo de Galicia, da Lei de Patrimonio de Galicia e da Lei de Rehabilitación de Galicia.
3. Elaborar un catálogo de locais, establecementos e edificios para usos comerciais e de servizos favorecendo os usos de comercio e servizos de proximidade a aqueles usos mantidos durante ao menos cincuenta anos.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de Compostela e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local a:

1. Urxentemente, cumprir os acordos consensuados e aprobados por unanimidade posteriormente ao debate da proposición do grupo municipal de Compostela Aberta para a protección do pequeno comercio na Cidade Vella de Santiago, en xaneiro do 2020.
2. Atender á solicitude de Apatrigal sobre a demanda da modificación puntual da ficha 410716 para ampliar a protección patrimonial do Café Derby; así como decretar unha orde de execución inmediata para a protección da vidreiras do local, ao amparo da Lei do Solo de Galicia, da Lei de Patrimonio de Galicia e da Lei de Rehabilitación de Galicia.
3. Elaborar un catálogo de locais, establecementos e edificios para usos comerciais e de servizos favorecendo os usos de comercio e servizos de proximidade a aqueles usos mantidos durante ao menos cincuenta anos.

12. DAR CONTA DA EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO XERAL, CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2021, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da información sobre a execución orzamentaria correspondente o terceiro trimestre do ano en curso, na que se recollen os citados estados:

- A información relativa o rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 30 de setembro de 2021 coa salvidade dos ingresos dos capítulos 1, 2, 3 e 5 que se xestionan pola Tesourería Municipal a través

do módulo de Estima, que debido ás dificultades técnicas e informáticas da posta en marcha de dito módulo só foron remitidos para o seu rexistro na contabilidade municipal os datos ata o mes de marzo de 2021.

- Un resume por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables a data referenciada.
- O estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 30 de setembro de 2021.

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o día 22 de outubro ata o 18 de novembro de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2021/00043517J

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00044709D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 8 de outubro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00044788L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00045591V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15 de outubro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00045608B

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de outubro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00046551B

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 20 de outubro de 2021.

ASUNTO XGL/2021/00046825D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de outubro de 2021.

14. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a Comisión de Memoria Histórica.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre convocatoria de axudas para a cooperación ao desenvolvemento.

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal de CA para instalar elementos de seguridade viaria na rúa Porto de Conxo.
- 2.- Presentado polo grupo municipal de CA para instalar elementos deportivos no campo multiusos do Castiñeiriño.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do BNG para convocar os consellos municipais de participación cidadá.

- 4.- Presentado polo grupo municipal do BNG para convocar a comisión de condecoracións.
- 5.- Presentado polo grupo municipal do BNG para instalación dun espello na rúa Teo co obxectivo de incrementar a seguranza viaria.
- 6.- Presentado polo grupo municipal de CA para que o goberno municipal retire os pregos e a licitación da xestión da rede de centros socioculturais.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do PP para a elaboración dun operativo para a mellora de mobilidade nas áreas comerciais da Sionlla e Costa Vella.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do PP para a limitación da circulación motorizada na explanada do novo campo da festa do Castiñeiriño.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a execución de diversos proxectos aprobados no marco do proceso dos orzamentos participativos.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre plan de reactivación económica para os barrios de San Pedro e Concheiros.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre as demandas da veciñanza da Almaciga e da comunidade educativa do CEIP Apóstolo Santiago.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre frear a instalación da gasoleira de Brandia.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre os motivos de manter suspendido o circuíto de carreiras "Corresán".
- 6.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a sostibilidade de determinadas contratacións en materia de turismo.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a situación da tramitación do novo contrato de abastecemento e saneamento municipal.
- 8.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación dos traballadores da liña de autobuses ao aeroporto.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre locais que ten en alugueiro o concello.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a instalación da gasoleira en Brandia.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o uso do galego nas empresas concesionarias de servizos públicos.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o V Plan de Igualdade 2021-2024.

Ao concluír o debate sobre as interpelacións, suspéndese a sesión sendo as 14:42 horas e volve a recomenzar ás 16:05 horas.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas para ser tratadas na presente sesión, son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPULSAR UNHAS NOVAS INTALACIÓN PARA O CORPO DE BOMBEIROS DE SANTIAGO ANTES DE AVANZAR NA CONSTRUCCIÓN DO NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO EN SAN CAETANO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico

municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A finais do pasado mes de outubro a Xunta de Galicia presentou o seu proxecto de orzamentos para 2022. No relativo a Santiago, as contas están centradas, basicamente, en investir na propia administración autonómica, no Xacobeo e nas obras para os turistas, ao tempo que esquecen moitas das necesidades da cidadanía de Compostela que son do ámbito e competencia autonómico. Así, fórmulase unha ampliación do CHUS sen contemplar a construción dun novo aparcadoiro, non se orza o necesario novo centro de saúde de Conxo, nin a nova Escola Oficial de Idiomas, nin a ampliación do Conservatorio de Música; e non se contempla que a administración autonómica vaia colaborar na construción dunha nova piscina para Santiago. E mentres, intentan venderse como investimentos novos o que non son máis que reanualizacións de compromisos anteriores que non se executaron, como é o caso do biopolo da Sionlla.

Ademais, a Xunta mantén a liña do xa constatado nos orzamentos do Estado, que se traduce en que realmente os investimentos que se prometeron co Real Padroado son fume, porque non se confirma a achega nin do goberno de Pedro Sánchez nin tampouco do goberno de Feijóo. No caso do Goberno Galego, coa agravante de que se mantén totalmente conxelada a partida pola Capitalidade, en pleno ano duplo Xacobeo, e sendo unha partida que acumula un déficit de polo menos 3 millóns de euros de cada ano do goberno Feijóo.

O máis chamativo da maquinaria de publicidade e propaganda posta en marcha pola Xunta de Galicia é que se vendan como investimentos en Santiago actuacións como as reformas do complexo administrativo de San Caetano, a rehabilitación das oficinas da Secretaria Xeral de Turismo en Mazarelos ou a construción da sede do Imelga nas Fontiñas, a pesar da oposición veciñal. Partidas millonarias nas que a Xunta prioriza o gasto en facer máis despachos e edificios administrativos, para ela propia, antes que atender as necesidades reais da xente, por diante de mellorar o día a día das persoas, da xente do común.

O Proxecto de construción do novo edificio administrativo para a Xunta de Galicia en San Caetano foi remitido pola Consellería de Facenda e Administración Pública ao Concello de Santiago con data de 9 de marzo de 2021, para a súa tramitación a través do procedemento regulado pola Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. Sendo o proxecto promovido pola Xunta de Galicia desconforme coas determinacións do vixente PXOM, a citada Lei 3/2016 obriga ao Concello de Santiago a someter o proxecto ao trámite de información pública, e a emisión dos informes que procedan sobre os intereses locais afectados.

Vencidos os prazos da exposición pública -e após os correspondentes informes municipais de planeamento, patrimonio e urbanismo- o Concello comunica mediante a resolución da alcaldía 2021/4074 -posteriormente correxida pola resolución 2021/6715- que o proxecto é válido pero que terá que incorporar as seguintes determinacións:

1. Manterase a cualificación como sistema viario e de espazos libres públicos dos terreos de dominio público municipal que configuran a praza de Camilo Díaz Baliño e o

seu enlace coa avenida de Rodríguez de Viguri (zona raiada en gris).

2. Manterase a cualificación como sistema viario das zonas 06 e 07, cuxa ocupación poderá ser obxecto da correspondente autorización.

3. Garantirase o mantemento das actuais condicións de ocupación das instalacións do Servizo Municipal de Extinción de Incendios, ata tanto o Concello non dispoña doutras instalacións axeitadas no termo municipal.

4. Incluíranse os compromisos de execución económica e temporal das distintas actuacións de reurbanización, incluíndo, de ser o caso, o novo acceso ao aparcamento municipal (05) e a construción do edificio dotacional na parcela DEP-26.

5. Nos proxectos específicos de obras haberán de definirse coa precisión suficiente as obras de urbanización e de dotación de servizos a executar con carácter simultáneo ás de edificación.

6. A dotación de prazas de aparcamento axustarase ao que resulte da Modificación puntual da normativa do Título III do PXOM, no que atinxe á ordenanza de equipamentos públicos (artigo 136).

7. Para a execución dos edificios da fase 2 presentarase un Estudo de mobilidade que analice as necesidades de estacionamento da zona e avalíe as medidas a adoptar para evitar ou minimizar os efectos negativos da nova implantación.

A resposta municipal, silenciada tanto mediaticamente como institucionalmente, transparenta graves eivas dentro do proxecto construtivo proposto pola Xunta, nomeadamente no que ten que ver coa súa inserción na trama urbana e coa reposición da dotación dos equipamentos de servizos municipais que serán substraídos, concretamente o parque municipal de Bombeiros.

Neste sentido, tendo en conta que a autorización municipal depende de que se cumpra coas determinacións marcadas polo departamento de Urbanismo e que de non ser este o caso, o punto 4 do artigo único da *LEI 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese* indica que:

“se o informe do concello é desfavorable, polo grao de afección que a execución do proxecto supón para os intereses locais, a consellaría competente ditará resolución de arquivamento do procedemento e notificaralla ao órgano promotor”

Parece evidente, entón, que para poder levar adiante a construción do novo edificio de San Caetano é necesario que a Xunta de Galicia garanta o traslado do parque de bombeiros municipal, tal e como indica a consideración segunda do pronunciamento municipal sobre o mantemento das instalacións ocupadas polo Servizo Municipal de Emerxencias e Extinción de Incendios:

No *Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello de Santiago e a Sociedade municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA) para a ordenación da xestión da explotación da Estación de autobuses de Santiago de Compostela* -aprobado polo Pleno Municipal o 12.02.2021- prevese expresamente o mantemento das citadas instalacións municipais na estipulación terceira do Anexo 1, como de seguido se transcribe:

(...) os terreos e instalación ocupados polo Servizo de Emerxencias e Extinción de Incendios municipais (SEIS) non están comprendidos na reversión, autorizándose a continuación da ocupación vixente nos seus estritos termos en tanto o citado servizo non dispoña doutras instalación axeitadas no termo municipal de Santiago de Compostela.

Do estipulado no citado convenio resulta o compromiso asumido pola administración autonómica para manter as referidas instalacións, que se atopan afectas á prestación dun servizo público municipal de carácter esencial e preferente.

Porén, a execución da segunda fase do novo edificio administrativo (simultaneamente ou non co edificio de CPU da terceira fase) faría inviable o uso das actuais instalacións municipais, xa que os accesos quedarían inservibles, ademais de que o edificio existente se viría necesariamente afectado polas obras a realizar no contorno.

Polo exposto, calquera actuación na zona debe quedar condicionada a que se garanta pola administración autonómica o efectivo mantemento das instalacións do Servizo Municipal de Emerxencias e Extinción de Incendios, nas condicións axeitadas para o seu normal funcionamento. No seu defecto, a administración autonómica deberá garantir o traslado das instalacións a outro local de condicións axeitadas.

Resulta bastante clamorosa a ambigüidade que manifesta todo o documento sobre o actual edificio de bombeiros, inclusive aparecendo orzada a súa demolición (751.000 €). Mais non se explicita en que fase se vai realizar esta demolición así como se o seu mantemento no emprazamento actual é compatible coa realización da primeira fase do proxecto do novo complexo administrativo, tal e como aparece explicada no documento, que fala dun gran parque no espazo que agora ocupa o servizo de bombeiros:

- Primeira fase. Construiranse os dous primeiros bloques administrativos (con impacto de instalacións, almacéns e outros usos asociados). Nesta fase, o espazo de reserva para o resto do edificio pasará a ser un gran parque arborado que permita a comunicación entre o punto alto e baixo da cidade.

A pesar diso, e de contar co informe do Concello desde maio de 2021, a Xunta premeditadamente non incluíu ningunha partida no proxecto de orzamentos para o 2022 para a construción dun novo parque de bombeiros municipal para Santiago. Con todo, as obras de demolición da vella Estación de Autobuses, como traballo previo á execución da primeira fase do proxecto, xa teñen comezado, sen que conste o sentido da modificación do mesmo por parte da Xunta.

Unha responsabilidade da Xunta de Galicia que, ademais, é por partida dupla ao ser tamén unha das administracións responsables da construción dun necesario parque comarcal de bombeiros para dar servizo a toda a área metropolitana de Santiago e resolver os problemas e graves carencias que existen neste servizo. Sobre todo, tendo en conta que actualmente é o servizo municipal de Santiago o que está a ofrecer este servizo de ámbito comarcal ou metropolitano, o que supón unha anomalía.

O feito de non contemplar unha solución para o parque municipal de bombeiros é a mellor mostra de que a Xunta de Galicia publicita como investimentos para Santiago o que non son máis que investimentos en sí mesma, aínda causando prexuízos á veciñanza. Esta vontade do Goberno galego de antepoñer as súas necesidades ás da cidadanía téñ outra mostra no ‘capricho’ urbanístico do goberno galego de tentar privar

á cidadanía dunha rúa pública, a rúa Ánxel Casal, que no proxecto da “nova cidade administrativa de San Caetano” pretendía pechar cunha verxa e incorporar ao espazo administrativo, restrinxindo o seu uso público. A Xunta recuncou nas súas intencións, que tiñan xa desatado a preocupación veciñal na zona, malia a negativa recibida no anterior mandato, no que o Concello de Santiago rexeitou esta posibilidade ao tempo que esixiu o mantemento das pistas deportivas así como a habilitación dun local de uso veciñal e sociocumunitario, tal e como aparece recollida na proposta de proxecto. Se ben a resolución da alcaldía 2021/4074 -posteriormente correxida pola resolución 2021/6715- rexeita o peche perimetral da rúa Ánxel Casal como formulaba a Xunta, apunta tamén á posibilidade de formular “un convenio específico sobre a regulación concreta do tráfico rodado e peonil nesta zona”, convenio que deberá garantir en todo caso o uso público do vial, non restrinxido ao uso por parte da administración autonómica.

Tendo en conta todo o anterior, e que os orzamentos da Xunta de Galicia para o 2022 están actualmente en plenos trámites parlamentarios, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia a que inclúa unha partida nos seus orzamentos xerais para o próximo exercicio de 2022 que garanta a construción dun Parque de Bombeiros que albergue o servizo municipal de extinción de incendios e que poida ser a sede tamén dun futuro servizo comarcal.
2. Instar á Xunta de Galicia a acordar e consensuar co Concello de Santiago todas as modificacións do proxecto de construción do novo edificio administrativo de San Caetano, que afecten á mobilidade e urbanización de todo o ámbito.
3. Manifestar o rexeitamento do Pleno da Corporación ao peche e restrición de paso do tramo final da Rúa Ánxel Casal, e o rexeitamento a substraer o seu uso por parte da cidadanía.
4. Comunicar este acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia.

MOCIÓN PARA O REMATE DAS OBRAS PENDENTES NO BARRIO DE VISTA ALEGRE

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o período 2014-2018, o barrio de Vista Alegre foi obxecto dunha serie de obras de urbanización realizadas en tres fases, para a mellora da mobilidade e accesibilidade interior dun polígono no que se asentan unhas 750 vivendas distribuídas en preto de medio centenar edificios.

Os sucesivos proxectos, nos que se investiron arredor de 2,5 millóns de euros, contemplaban o derrubo de terrazas, a reurbanización e a reposición ou instalación de novos servizos, uns traballos que se desenvolveron entre os anos 2014 e 2018.

As melloras logradas quedaron, con todo, anubradas polas deficiencias na execución e no remate das obras, tal e como veñen denunciando nos últimos anos os

representantes da Asociación veciñal “Álvaro Cunqueiro”.

As principais demandas formuladas pola veciñanza (das que se ofrece unha resumida mostra nunhas imaxes adxuntas) refírense, principalmente, ao mantemento do cableado polas fachadas dos edificios, chegando a obstaculizar ventás e accesos con risco para a seguridade -a pesar de terse executado a canalización para o seu soterramento-, os defectos nos materiais empregados en varandas e colectores soterrados de lixo -que presentan xa abundantes sinais de óxido-, a instalación de papeleiras nos soportes que carecen delas e a falta de reposición de placas coa denominación das rúas, que dificultan a localización dos domicilios.

A maiores, tamén solicitan que se adecúe o parque infantil situado na parte central do polígono, unha vella demanda reiterada para que se mellore este espazo que, ademais, mantén no seu contorno máis inmediato unha instalación de gas que ocasiona o lóxico receo da veciñanza.

Desde o Grupo Popular entendemos que o Concello debe abordar estas deficiencias e asumir coa maior dilixencia a resolución destas melloras pendentes para a culminación dos traballos realizados e lograr así unha indubidable mellora estética e de seguridade para toda a veciñanza. Con ese fin, presentamos a consideración da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que, coa maior dilixencia posible, proceda a dar os pasos necesarios para o remate dos traballos de reurbanización pendentes no polígono de vivendas de Vista Alegre, en especial as referidas ao soterramento do cableado das fachadas, a mellora de varandas e colectores oxidados, a instalación de papeleiras, a reposición de placas cos nomes das rúas; así como a adecuación do parque infantil, valorando a situación de depósito de gas existente no seu contorno máis inmediato.

MOCIÓN PARA DEMANDARLLE Á EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E LIMPEZA VIARIA QUE DOTE DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS QUE FIGURAN NO CONTRATO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para demandarlle á empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos domésticos e limpeza viaria que dote dos recursos humanos e materiais que figuran no contrato para a prestación deste servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de manter un encontro co comité de empresa de Urbaser ante as deficientes condicións en que se presta o servizo de recollida de residuos nos últimos tempos, quedaron patentes os motivos que ocasionan a evidente falta de limpeza tanto no ámbito rural como no urbano e o descontento xeral da veciñanza, xunto coa necesidade de que o Goberno local debe esixirlle á empresa concesionaria que cumpra a calidade do servizo nas condicións que estipula o contrato e proceder á súa sanción, se for o caso.

Nesa xuntanza co comité de empresa de Urbaser, o BNG recibiu información dos graves problemas de falta de persoal e de recursos materiais para poder desenvolver

o seu traballo desde hai xa moito tempo, que se agrava na actualidade coa carencia de 21 persoas que non son cubertas pola empresa cando nalgúns destes casos, por se tratar de baixas longas, debería procederse a contratacións inmediatas.

A isto súmase que existen incumprimentos en seguranza laboral para traballadores e traballadoras, ademais dunha flota con camións que van ciscando lixo cada vez que recollen un contedor, varredoras avariadas que non poden saír e plataformas con eivas de protección. Este Goberno municipal, como responsábel da contratación, ten a obriga de escoitar traballadores e traballadoras e de saber as condicións deficientes en que se presta este servizo tan deteriorado nos últimos tempos.

Ademais, a falta de limpeza e acumulación de residuos é un dos principais problemas que advirte a veciñanza en Compostela, unido a que se cobra un servizo ao rural que non se presta nas condicións debidas.

Por poñer un exemplo, os contedores do rural levan sen lavar 18 meses e os da zona urbana 8 meses, un incumprimento total do establecido no prego do contrato. De feito, o contrato de xestión, na súa páxina 21 sinala a frecuencia mínima de limpeza dos contedores, que establece nunha vez ao mes para os contedores normalizados ou de bolsa negra e nunha vez cada 3 meses para os contedores monomateriais.

Así, desde hai un tempo, agraváronse os incumprimentos do prego de condicións deste servizo que está a prestar a empresa concesionaria en precario, porque desde 2005 en que se iniciou esta prestación, transcorreron 10 anos do contrato e 5 da prórroga, mais en abril de 2020 fíxose unha orde de continuidade da empresa onde se di que ese servizo ten que prestarse nas mesmas condicións en que foi aprobado o contrato, polo que o Goberno local debe esixirlle á empresa de limpeza que dispoña dos recursos humanos e materiais que figuran no prego de condicións.

Pese a que o BNG leva anos a reclamálo, non hai un servizo de control e de inspección das empresas concesionarias e o incumprimento dos pregos é sistemático. Este tema non se vai solucionar co novo concurso, pois os novos pregos non están á altura do que Santiago precisa e non recollen melloras vinculadas á reciclaxe e ao ecoloxismo, nin a revisión dos contedores soterrados.

O novo prego, que saíu a licitación o 20 de abril de 2021 cun orzamento de máis de 94 millóns de euros, non garante que se poida cumprir a normativa ambiental existente na actualidade, pois non establece fórmulas que permitan avanzar na reciclaxe dos residuos. Para alén disto, as taxas a vertido e incineración van aumentar os custos para un concello que non aposta pola recollida separada, a reciclaxe nin a compostaxe. Por non falarmos da decisión do goberno municipal de regularizar o cobro do lixo á veciñanza do rural xusto cando o servizo se presta nas peores condicións.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local demandaralle á empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos domésticos e limpeza viaria que garanta a utilización, como mínimo, dos recursos humanos e materiais que figuran no contrato para a prestación deste servizo co fin de incrementar de maneira inmediata a súa calidade, as medidas de seguranza

laboral e a limpeza no ámbito rural e urbano da cidade de Santiago de Compostela.

MOCIÓN PARA DOTAR DUN ESPAZO ALTERNATIVO DE APARCAMENTO PARA A VECIÑANZA DE ULTREIA E DO BARRIO DA AVENIDA DE SALAMANCA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para dotar dun espazo público alternativo de aparcamento de balde para a veciñanza de Ultreia e do barrio da avenida de Salamanca, tendo en conta a previsión de supresión de prazas coas obras de accesibilidade e humanización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No estudo de detalle, de febreiro de 2021, para a definición urbanística da dotación de accesibilidade aos inmóbeis de vivenda colectiva situados na praza de Ultreia determínase a idea de reurbanizar este espazo público cunha ordenación desde criterios de accesibilidade e seguranza, potenciando o espazo público de relación e tratando de mellorar os percorridos peonís e zonas de estancia, actualmente comprometidas pola presenza invasiva e desordenada de vehículos. Xunto a iso, propóñense directrices e solucións para a incorporación de elevadores comunitarios e de mellora da eficiencia enerxética nos edificios.

En primeiro lugar, compre subliñar que o estudo de detalle non se realizou cun diálogo previo coa veciñanza, un diálogo en que se puidesen recoller ás súas preocupacións e inquiredanzas.

Nas diversas reunións mantidas polo grupo municipal do BNG con veciñanza da zona transmitiron a preocupación, entre outras cuestións como a non solución definitiva dos problemas de accesibilidade, pola falta de previsión de zonas de estacionamento de vehículos, tendo en conta que eses edificios non dispoñen de aparcadoiros soterrados e que o proxecto municipal prevé a supresión de prazas en superficie. Cómpre sinalar que nin os edificios posúen garaxes nin existen garaxes pechados privados e públicos no barrio. A posibilidade de estacionar facilmente, agrávase por diferentes factores entre os que está a existencia de varios colexios nos arredores.

De feito, o documento establece como un reto a potenciar o uso público para as persoas que van a pé, facilitando a accesibilidade ao longo do maior número posíbel de itinerarios acompañados por zonas estanciais e de relación, entendendo esas áreas como espazos de descanso útiles, remansos efectivos do fluxo peonil, coa eliminación de obstáculos que o impidan o tránsito e doutros elementos disfuncionais que dificultan a mobilidade e o desprazamento neste ámbito.

Así, o documento cita tres posibilidades como a recuperación dunha pasarela peonil sobre a avenida de Xoán XXIII, a instalación dun elevador para facilitar a accesibilidade co fin de salvar o desnivel do muro existente e a necesaria eliminación de gran parte do aparcamento existente en superficie.

Na actualidade contabilizáronse 60 prazas de estacionamento delimitadas, aínda que se chegan a rexistrar até 70 vehículos estacionados. Segundo se prevé, os espazos dispoñíbeis quedarían reducidos a 19 lugares de estacionamento, o que supón unha redución do 73% das prazas, ou o equivalente a 50 persoas que non poden dispor do seu espazo de aparcadoiro habitual a pé da casa.

Aínda que, é necesaria esta reordenación urbanística para gañar accesibilidade, itinerarios peonís e zonas de encontro con estas obras de humanización, tamén é importante que o Goberno local ofrezca un emprazamento alternativo para poderen aparcar as persoas que residen nesas vivendas cando menos, en igual número de prazas ás que se van suprimir.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local dotará dun espazo público alternativo de aparcamento para a veciñanza de Ultreia e do barrio da avenida de Salamanca, tendo en conta a previsión de supresión de prazas coas obras de accesibilidade e humanización.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO ATENDA AS DEMANDAS DO PERSOAL TRABALLADOR DO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 14 de setembro de 2020, hai 1 ano e 2 meses, o comité de empresa da concesionaria URBASER S.A., que actualmente xestiona a recollida de residuos sólidos urbanos no noso municipio, comunicou por escrito ao Concello de Santiago a súa preocupación pola situación do servizo. Nese documento recollía toda unha serie de faltas ou irregularidades que se estaban a producir, relativas á falta de persoal, a insuficiente cobertura do servizo, o nulo ou escaso mantemento e limpeza de contedores. ou as graves eivas e faltas de material e maquinaria.

O grupo municipal de Compostela Aberta trasladou ao Pleno esta denuncia do persoal traballador deste servizo municipal e naquela altura a concelleira Mila Castro afirmou que *“os servizos de inspección municipal non avalaban de ningunha maneira as irregularidades que se expoñen nesta pregunta”*. Tamén naquel momento, a concelleira realizou unha optimista predición dos prazos de licitación do novo prego - que levaba xa 6 meses sen contrato, polo tanto agora xa son 20 meses do servizo funcionando a través de ordes de continuidade- que pasado máis dun ano aínda non está resolto nin adxudicado.

Consonte con esta falta de iniciativa política, que roza a connivencia e complicidade cos intereses da empresa concesionaria, moitas veces transparentada nas declaracións do alcalde atribuíndo ao incivismo da veciñanza a situación da recollida do lixo e ignorando as peticións de xuntanzas do persoal traballador mais nunca asumindo responsabilidades, a representación sindical volve a alertarnos da insostible situación pola que está pasando o servizo e o propio persoal que o presta.

Así, hoxe estamos alertados da falta de ata 20 persoas menos contratadas das que marcan os pregos, de 6 baixas que non se cubren, de que só hai unha barredora pasando o Ensanche, de que só hai outra única barredora pasando a zona vella, de

que xa vai para 4 meses que está precintada unha illa de contedores en Frei Rosendo Salvado, de que os 136 contedores soterrados existentes en Santiago carecen de mantemento, de que só hai 2 camións traballando ao tempo que outros 6 están parados, de que a única barredora que hai nin tan sequera limpa ben e que só sae para “que se vexa”, de que de 3 lava-beirarruas só se está usando 1, de que hai máis de ano e medio que non se lava un contedor no rural, de que hai máis de 8 meses que non se lavan contedores na zona urbana, de que os dous vehículos eléctricos adquiridos durante o goberno de CA xa non se usan, de que as 2 moto-baredoras existentes están paradas, de que as dúas furgonetas que existen non teñen mantemento e están paradas, ou de que os camións perden líquido e lixo constantemente.

Unha situación insostible que, ademais, está a mermar tanto a calidade do servizo como, o que aínda é máis grave, está a pór en risco a saúde laboral, a integridade física do persoal traballador deste servizo municipal, por causa da precariedade de recursos humanos así como na falta de mantemento de toda a maquinaria e nomeadamente as illas de contedores.

A todo isto únese que o novo prego para a licitación do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria vai impedir, na práctica, que Santiago logre os obxectivos fixados pola Unión Europea en canto a recuperación e reciclaxe dos residuos. Para cumprir a directiva europea de residuos de 2018, que sinala que en 2030 os concellos deberán recuperar o 60% dos desperdicios que xeran, polo que será imprescindible apostar pola compostaxe para o tratamento dos restos orgánicos, e o Goberno local fai xusto o contrario nestes pregos. E precisamente a limitación da compostaxe é unha das poucas cuestións que o actual goberno mudou nos pregos que recibiu feitos no anterior mandato municipal, durante o goberno de Compostela Aberta, un único cambio efectuado, para peor, no que, por riba, perderon dous anos. Un atraso que para nada está xustificado, porque o Goberno do PSOE introduciu poucos cambios nas condicións da licitación, conservando propostas que nós deixáramos planificadas como as illas de quita e pón na cidade histórica, a recollida porta a porta de residuos orgánicos para grandes produtores, ou os vehículos específicos de recollida para a zona vella.

O goberno do PSOE, e de Bugallo, volve deixar a Santiago atrás no que téñen que ver coa xestión dos residuos, tal e como fixo xa no ano 2003 cando decidiu someterse ao modelo Sogama e impediu a construción dunha planta comarcal de compostaxe que tería sido máis rendible económica e ambientalmente. Agora, o alcalde Bugallo volve novamente a fiar todo a Sogama, malia que este modelo xa téñen demostrado o seu fracaso, porque nin recicla, nin recupera, nin dá abasto para tratar todo o lixo que recibe, como moi ben sabe a veciñanza da Grixoa por todo o que levan sufrido coa canteira de Miramontes. Outro dos cambios que o PSOE introduciu nos pregos téñen que ver co modelo de contedores que se esixen ás empresas que opten ao contrato. Así, insísteise en apostar polas illas soterradas, ao contrario do que se prevía nos pregos elaborados por CA, un modelo que, como se vén demostrando nos últimos anos, só dá problemas tanto para a súa montaxe como para o seu mantemento. Un modelo máis caro e ineficiente, que non evitará contedores en superficie porque non hai illas con espazo previsto para o quinto contedor.

En conclusión, unha visión desfasada da xestión dos residuos nun momento de mudanzas imparables neste ámbito, e que fará ademais que Santiago perda definitivamente ese tren cunha adxudicación que estará vixente, polo menos 10 anos.

Ao respecto, CA prevía unha licitación por 5 anos, tal e como prevé a Lei de Contratos, que permite ampliar ese prazo só por causas moi xustificadas. Un novo contrato que vai supór un freo na boa evolución que estaba a ter Santiago en canto ás políticas ambientais e de tratamento dos residuos, froito do traballo desenvolvido no pasado mandato cando se logrou o récord de recollida selectiva na historia do Concello, malia o incremento no total de lixo recollido, grazas a programas como os de compostaxe individual e comunitaria, a recollida porta a porta de vidro nos locais de hostalería da cidade histórica, o aumento dos contedores de vidro, as campañas de recollida de envases lixeiros nos locais de hostalería do Ensanche, o incremento dos puntos de recollida de aceite doméstico, ou a instalación de colectores para a recollida de roupa usada. Ademais do impulso que se lle deu ao programa Tropa Verde, que vén recibido múltiples recoñecementos nos últimos anos.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

1. Trasladar, a través do Comité de Empresa, a todas as persoas traballadoras do servizo municipal de recollida de residuos e limpeza, a solidariedade e o apoio do Pleno da corporación municipal do Concello de Santiago diante das súas xustas reivindicacións en materia de saúde e prevención de riscos laborais
2. Esixir á empresa URBASER que cumpra cos termos indicados na orde de continuidade asinada, pola concelleira Milagros Castro, o 2 de Abril de 2021 que literalmente indica que a prestación debe continuar “nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior”.
3. Urxir ao goberno municipal a facer públicos os informes e relatorios de control da prestación do servizo municipal de recollida, sobre toda a etapa na que se está a desenvolver sen contrato e mediante unha orde de continuidade
4. Axilizar a posta en marcha do novo contrato, por ser unha necesidade inminente da cidadanía e para evitar as posibles sancións que poda recibir o Concello de Santiago por non ter o 5º contedor instalado no ano 2022.

MOCIÓN SOBRE AS CONDICIÓNS DA CESIÓN DE LOCAIS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación sen ánimo de lucro do Paluso leva máis de 25 anos (desde decembro de 1996) organizando unha cea de Noiteboa e xantar de Nadal para as persoas que viven soas, baixo a máxima de que “a soidade é a pobreza máis grande”.

A súa actividade mantívose logo do peche do bar cara ao ano 2009, correndo a familia cos custos. Segundo os nosos datos, desde o ano 2011 comezaron a contar coa colaboración do Concello -xunto coa contribución económica de veciños e empresas-, primeiro coa cesión do CSC de Conxo, e desde o ano 2013 coa instalación dunha carpa na Alameda, onde continuaron organizando a cea de Noiteboa e o xantar do Nadal para os máis necesitados.

Co paso do tempo a actividade do Paluso ampliouse tamén á orientación, á captación de recursos e ao reparto de alimentos, enseres e roupa para as persoas que o precisan, razón pola que vén acumulando múltiples doazóns, para as que o fogar da principal impulsora resulta insuficiente. Segundo as estimacións da propia entidade, atenden a unhas 500 persoas.

Ante as reiteradas peticións de axuda para lograr un local, o Concello de Santiago decidiu no pasado mes de novembro -tras varios meses desde que anunciara o seu compromiso en marzo de 2021- cedelle un local municipal no SUNP-7 de Pontepedriña (no nº 32 da rúa Amor Ruibal) por catro anos.

O local, de 120 m2, foi cedido sen acondicionar e sen os mínimos requirimentos para a súa utilización (sen luz, auga, sen dar de alta, co ladrillo ao aire, sen licenza de obra...). Por este motivo deuse o paradoxo de que unha entidade que se dedica a prestar axuda aos necesitados, se vira na obriga de pedir ela mesma axuda para que lle axuden a preparar minimamente o seu local.

Parece lóxico que, o Concello ao longo dos meses que demorou a entrega tivera preparado o local para telo nunha mínimas condicións para a súa utilización, sobre todo tendo en conta a proximidade dunhas datas tan sinaladas. Entendemos que non resulta acaído que o Concello, trate de que unha entidade como o Paluso lle prepare o local e llo devolva mellorado, despois do período de cesión (inicialmente fixado en 4 anos) cando se trata dunha asociación que carece de recursos propios e está a realizar unha acción social moi meritória.

Tendo en conta o acontecido con este asociación e de cara ao futuro, o Grupo Popular presenta, para a súa consideración, a proposta do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que, nos casos de acordar a cesión temporal dun local ou instalación municipal para a súa utilización por entidades sociais se ánimo de lucro, se garanta previamente que o inmovble reúna unhas mínimas condicións de habitabilidade, de servizos e de equipamento que permitan o desenvolvemento desde un primeiro momento das actividades que se correspondan co obxecto social da citada entidade.”

Presentáronse emendas as mocións transcritas e as aceptadas xa están recollidas nos acordos adoptados.

En relación á moción presentada por CA para impulsar unas novas instalacións para o parque de bombeiros, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que queda rexeitada a presente moción.

Ao remate do debate desta moción auséntase o Sr. Alcalde, sendo ás 17:48 horas, substituíndoo na Presidencia por Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP para o remate das obras pendentes no barrio de Vista Alegre, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do

BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE (Alcalde ausente), acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a que, coa maior dilixencia posible, proceda a dar os pasos necesarios para o remate dos traballos de reurbanización pendentes no polígono de vivendas de Vista Alegre, en especial as referidas ao soterramento do cableado das fachadas, a mellora de varandas e colectores oxidados, a instalación de papeleiras, a reposición de placas cos nomes das rúas; así como a adecuación do parque infantil, valorando a situación de depósito de gas existente no seu contorno máis inmediato.

Reincorpórase á sesión o Sr. Alcalde, sendo as 18:00 horas.

Na moción presentada polo BNG para demandarlle á empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos domésticos e limpeza viaria, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o goberno local demande á empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos domésticos e limpeza viaria que garanta a utilización, como mínimo, dos recursos humanos e materiais que figuran no contrato para a prestación deste servizo co fin de incrementar de maneira inmediata a súa calidade, as medidas de seguranza laboral e a limpeza no ámbito rural e urbano da cidade de Santiago de Compostela.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG para dotar dun espazo alternativo de aparcamento para a veciñanza de Ultreia e do barrio da Avda. de Salamanca, a que presentou emenda de substitución o grupo municipal de CA, e á que posteriormente presentou transaccional o grupo municipal do BNG, e tras ser aceptada, e despois de acordarse no transcurso do debate, a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

1.- Por unanimidade, instar ao goberno local a dotar dun espazo público de aparcamento para a veciñanza de Ultreia e do barrio da Avenida de Salamanca, tendo en conta a previsión de suspensión de prazas coas obras de accesibilidade e humanización.

2.- Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local:

a) A ampliar os prazos para poder presentar alegacións formais ao documento do estudo de detalle e que estas se poidan realizar despois de que exista unha xuntanza aberta con representación tanto técnica como política do goberno municipal, onde se expoñan os detalles do proxecto e onde se poidan resolver as dúbidas pertinentes.

b) A atender e dar resposta ás alegacións presentadas pola recentemente constituída Plataforma Ultreia, que recolle medidas como iniciar os trámites para declarar todo o ámbito como Área de Rexeneración e Renovación Urbana (ARRU), habilitar axudas para a redacción e execución dos proxectos de elevadores e ramplas e incorporar ao conxunto da reflexión urbanística o tramo máis próximo á Avenida Xoán XXIII.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA para que o concello atenda as demandas do persoal traballador do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG),

e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Trasladar, a través do Comité de Empresa, a todas as persoas traballadoras do servizo municipal de recollida de residuos e limpeza, a solidariedade e o apoio do Pleno da Corporación municipal do Concello de Santiago diante das súas xustas reivindicacións en materia de saúde e prevención de riscos laborais
2. Esixir á empresa URBASER que cumpra cos termos indicados na orde de continuidade asinada, pola concelleira Milagros Castro, o 2 de abril de 2021 que literalmente indica que a prestación debe continuar “nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior”.
3. Urxir ao goberno municipal a facer públicos os informes e relatorios de control da prestación do servizo municipal de recollida, sobre toda a etapa na que se está a desenvolver sen contrato e mediante unha orde de continuidade
4. Axilizar a posta en marcha do novo contrato, por ser unha necesidade inminente da cidadanía e para evitar as posibles sancións que poda recibir o Concello de Santiago por non ter o 5º contedor instalado no ano 2022.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP sobre as condicións de cesións de locais a entidades sen ánimo de lucro, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda, instar ao correspondente órgano do goberno local a que, nos casos de acordar a cesión temporal dun local ou instalación municipal para a súa utilización por entidades sociais sen ánimo de lucro, se garanta previamente que o inmovible reúna unhas mínimas condicións de habitabilidade, de servizos e de equipamento que permitan o desenvolvemento desde un primeiro momento das actividades que se correspondan co obxecto social da citada entidade.

O Alcalde pecha a sesión ás 18:30 horas. Dou fe.